

I.E.S. Aquis Celenis
Xuño, 2002.
www.iespana.es/aquiscelenis





Revista do Equipo de Normalización Lingüística

¡¡¡Ola, amig@s!!!

Chega o verán, chegan as vacacións (chegan as notas... :() e, cómo non, chega tamén o cuarto número de *Ruxe-Ruxe*, que este ano vos obsequia cun segundo e novo exemplar para que (agora si, xa non tedes excusas) poidades lelo enteiroño mentres estades na praia ou no río a carón do sol (non sexamos pesimistas, imaxíne-mos que vai ser así, que eses catros das notas non existen).

Como veredes, este número está cargado de todo tipo de temas curiosos, culturais (só un pouquiño, tranquilos), polémicos..., e dende a redacción aseguramos unha total diversión durante a súa lectura. Prostitución, anorexia e bulimia, filias, automobilismo, récords sexuais... *Ruxe Ruxe* cada vez vai a mellor, ¡ata gaña premios e todo!

Polo tanto, que non veñan ás nosas *ourellas* que pasastes de lela nestes tres meses de vacacións que vos agardan, ¡eh! Que o feito de que esta vez sexa un pouco máis gordiña non significa nada, son os anos... e tamén que ¡¡aumentaron os/as colaboradores/as!!: Esteban, Eugenio, Ángel, Javier, Eustaquio, Cristina, Lúa, ademais de Naty, Susi e Olalla; a tod@s , moitas gracias.

Así mesmo, agradecemos toda a colaboración por parte de profesores como Ángela, Lois e Pedro e, por suposto, Cruces, Chema e Puri, sempre dispostos a facer posible a nosa *Ruxe Ruxe*.

E xa está. agora a pasalo ben lendo, rindo... e non pensando no curso que vén...

A redacción

I.E.S. AQUIS CELENIS

CALDAS DE REIS

Contido:

Chivatazo final	2
Receta de chuletas	3
Sarmiento	5
Récords sexuais	7
Paneis solares	10
Prostitución	11
Viaxe a París	12
Unha meiga	14
Bulimia ou anorexia	17
Creación literaria	18
¿Machista eu?	22
Tópico ou realidade	23
Filias diversas	25
Os Sims	28
Erros maiúsculos	29
Moda	31
O globo feroz	32
O sexo superior	34
Deporte	36
Recital poético	38
Encrucillado	39
Helvetia	40



Chivatazo final

Semella bastante desconsiderado pola nosa parte pór un exame na revista cando. ¡¡por fin!! rematamos todas puñeteiras probas as que nos someten durante todo o curso, pero en realidade non o é. Se non, mirade (por certo, as solucións están ó final):

MATEMÁTICAS

1. Se conduces un autobús con 21 persoas desde Moraña, paras en Cuntis, recolles 10 persoas e baixan 8; en Caldas recolles a 12 máis e baixan 6; ó chegares ó instituto media hora máis tarde, ¿como se chama o conductor?
2. Se un tren eléctrico viaxa de norte a sur a 100 km/ hora e o vento sopra de sur a norte a 50 km/ hora, ¿cara a onde sae o fume da cheminea?

HISTORIA E XEOGRAFÍA


3. ¿Canto durou a Guerra dos Cen Anos?
4. ¿En que mes celebran os rusos a Revolución de Outubro?
5. ¿De que animal procede o nome das Illas Canarias?
6. ¿Cal era o nome do rei Xorxe VI?
7. ¿Cal foi a duración da Guerra dos Trinta Anos?

RELIXIÓN CATÓLICA

8. ¿Cantos animais de cada especie levou Moisés na Arca?

TECNOLOXÍA

9. Debes entrar nunha habitación fría e escura e só tes un fósforo. Alí hai unha lámpada de aceite, unha candeia e unha fogueira esperando ser prendidas. ¿Que prenderías primeiro?
10. Un home viaxa no seu automóbil pola estrada a 152 km/h. De pronto ve unha vaca no medio do camiño, efectúa unha manobra e vira o coche uns 90° á dereita. ¿Cal é a roda que xira menos?



BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

11. ¿De que cor é a ave chamada pinzón púrpura?
12. ¿De onde proveñen as grosellas chinesas?
13. ¿Canta terra hai nun burato de 1 m x 1 m x 1 m?

Solucións

1. Ti es o conductor... ¿en serio tiveches que relelo para entendolo?
2. O tren é eléctrico, non ten cheminea de fume.
3. 116, dende 1337 a 1453.
4. Novembro. O calendario estaba trece días retrasado respecto ó noso.
5. O nome en latín era Insularia Canaria (Terra dos Cans).
6. Alberte. Cando asumiu o trono en 1936 respectou o desexo da Raíña Victoria de que ningún rei fose no futuro chamado Alberte.
7. Trinta anos, ¿e logo cantos ían ser? Dende 1618 ata 1648.
8. Ningún, non era Moisés, era Noé o da Arca, ¡animaliño!
9. Primeiro prenderías o fósforo... ¿ou non?
10. A roda de repostro.
11. Dun carmín característico.
12. Nova Celandia.
13. Nada de terra, é un burato.

Olalla Rodríguez 1º BACH.

Receita de chuletas

Cando chega a época dos exames andamos todos moi tensos. Pois non temades, ¡isto xa non volverá acontecer!; aquí tedes o abecedario das chuletas, pero utilizádeas con coidado, ¡eh!, non sexa que tedes novos problemas a causa desta grande axuda.

Animalada: esta técnica é un pouco radical xa que consiste en secuestrar ó profesor ou un membro da súa familia. Axeitada para profesores que xamais faltan, como Niní, ou para os que só examinan oralmente, como Ma-ceiras.

Boli Bic + alfinete: sinxelo, aínda que é necesaria moita paciencia. Colle un boli transparente e raia neste cun alfinete o máis importante do exame para velo despois a trasluz. Recomendado para os exames de Budiño, baseados en conceptos e definicións, aínda que tamén para outros como Cruces.



Cambiazos: o único que fai falla son varios folios: escribirás por separado diferentes apartados do temario, polo cal, ó chegar o momento do exame, só terás que cambiar as follas, que porás debaixo da mesa para facer máis doado o acceso a elas. Adecuado para Miguélez, experto en seguir os capítulos do libro, ou para Manuela, cos seus singulares exames.

Diante do profesor: destinada para “alumnos sen complexos”, pois consiste exclusivamente en copiar, ben sexa diante ou non do/a profesor/a e pase o que pase. Se hai algún profe que sexa digno dela, ese é o bo de Pedro, sobre todo se o gran momento ten lugar en Usos Múltiples...

Estoxo: técnica pertencente á “escola tradicional”: introdúcese unha chuleta previamente elaborada dentro do estoxo (nin qué dicir ten que esta debe ser máis pequena có citado). Deste modo, cando o inimigo ande lonxe, sacárase a diminuta salvación do cofriño.

Fío: se por agora as técnicas comentadas non atraen a túa atención e es un/ha experto/a da materia, toma nota. Colle un papel moi estreito e longo e copia nel o que queiras; enrólaos por cada extremo no mesmo sentido de modo que estes batan entre si; ata un fío delgadiño ó redor para que non se desenrole e vai xirándoo. Así será como un pergamiño moi pequeno.

Goma: o primeiro que cómpre ter en conta nesta sinxela técnica é que durante o exame hai que usar lapis nalgún momento, posto que seguramente non coará que ó alumno lle dea por borrar cando está usando só o boli. Polo tanto, e mentres tes o lapis a man, colle a goma onde previamente escribiches o máis interesante dos apuntamentos, e ¡a copiar!

Imán da neveira: necesitas unha mesa sensible ós imáns. Tes que facer unha chuleta de tamaño medio e colocala debaixo da mesa co imán. Espera a que o profe se despiste e entón moves o imán ata un lugar no que a poidas ver con facilidade.

Kleenex: unha das técnicas máis efectivas. Escribe o importante directamente nos panos de papel pero, eso si, utilizando tintas que non traspasen; e coida de non darllo a ninguén antes do exame, que, se non...



Laxante: é moi simple. Introdúctete na sala de profesores sixilosamente ou na cafetería e bota un laxante no café da túa vítima. Habará un comezo do exame normal mais... visto que o/a profe empezará a “sentirse estraño/a” e terá o impulso de correr ó váter: todo rematará sen proba ningunha.

Mesa: a preparación desta técnica consiste en copiar todos os apuntamentos na mesa de tal modo que só necesitas levantar o folio e... copiar. Por certo, recorda que o tes que escribir no sitio onde vaias sentar...

Ollando o exame do compañeiro: para xente sociable e cunha boa habilidade visual. O día anterior ó exame queda co chapón/a da clase, convidao/a a un cafeíño (e paga ti, *of course*) e, ó día seguinte, recórdalle eso de “¿para que están os amigos?”.

Prancha: se che gusta experimentar, esta é a túa técnica. Pasa os apuntamentos a unha folla poñendo un folio en branco debaixo do primeiro e calcando moito para que queden as marcas nel. Logo cubre o folio cun pano e pasa o ferro; dese modo as marcas brillarán e poderemos ler a teoría no exame.

Reloxo: fai a chuleta do tamaño da esfera do teu reloxo e péga a enriba deste.

Saia: técnica exclusiva para as rapazas (eles tamén poden probala, pero chamarían un pouco a atención...). A misión é introducir o papeliño na dobra da saia. Despois, a alumna deberá cruzar coidosamente as pernas, de tal forma que, no instante en que ningunha perigosa mirada caia sobre ela, extraerá a chuleta.

Teito: non aconsellable para persoas que teñan vertixe. Colle unha escaleira e un xiz e elabora no teito un esquema dos apuntamentos. Funciona moi ben, pero é unha técnica que, se se practica con asiduidade, pode danar as cervicais do interesado.

Unllas: ¿es expert@ no “tattoo profesional”? Fai breves esquemas nas unllas cun bo rotulador. É unha técnica apropiada máis ben para as rapazas, pois neles resultarían un pouco rechamantes...

Ventá: consiste en escribir na goma da ventá o contido dos apuntamentos. Logo, coa escusa de que vai moita calor (é evidente, entón, que esta técnica non é válida para días de inverno), @ alumn@ pedirá permiso ó/a profesor/a para abrir a ventá e mentres poderá ler o escrito nela.

W.C.: tan doado como saír ó baño. Finxe estar enfermo/a (adoita funcionar o de pintar cun rotulador vermello un *kleenex* e dicir que estás sangrando polo nariz) e pide permiso para ir ó aseo, onde estará esperándote o libro desa materia. Óllao un pouco, volve ó exame (fundamental a cariña de cordeiriño) e ¡a escribir!


Xersei: ideal para xente discreta. Reduce os apuntamentos e pégaos no interior da manga do xersei de forma que só os vexas ti.

Zapato: reduce a chuleta e péga a na sola do teu calzado. Logo, cando o/a profesor/a non mire, levanta a perna (discretamente, polo teu ben) e mira o escrito. É recomendable plastificala, por se o chan está mollado.



Olalla Rodríguez 1º BACH.

Sarmiento



F. Martín Sarmiento

O Día das Letras Galegas dedícase este ano a Frei Martín Sarmiento. Este ilustrado chamábase oficialmente **Pedro José García y Balboa** (1695-1772) inda que tamén se coñecía como o poeta **Marcos da Portela**. Naceu en Vilafranca do Bierzo (León) nunha época en que o galego se falaba entre a maioría da poboación desta zona. De neno viviu varios anos en Pontevedra e logo estudou nos monxes beneditinos. Á súa cela do mosteiro, de onde saía relativamente moi poucas veces, acudían moitos para ver unha gran biblioteca ocupando as súas paredes e tamén para comentar cuestións científicas e pedir consello. Así e todo, viaxou moito pola terra e a ela facía sempre referencia nos seus escritos.

Escrebiu mil duascentas coplas de carácter popular que constitúen o *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, coa pretensión de introducir léxico e fraseoloxía do galego, polo que nos legou nesta única obra un enorme tesouro lingüístico que hoxe xa non se emprega na fala. Literariamente falando, á súa época denominámola **Séculos Escuros** pola escasísima presenza de obras en galego dos séculos XV ó XVIII.

O aspecto máis destacado do pensamento de Sarmiento foi a defensa da galeguización do ensino. Aconsellando a un

seu amigo sobre o fillo, di: *Agora que é neno, fai que o saquen a pasear e vexa obxectos novos e atractivos. E quero que lle ensines a lingua galega con especial*

Na obra *La educación de los niños* afirmaba: *E necesidade escusada que uns forasteiros*

mediante a lingua castelá, que non saben... e castigándoos escápaselles algunha voz ou frase galega das que mamaron. Todo mestre de Gramática que non fose galego e erudito na súa lingua patria se debe excluír de ser mestre de nenos galegos. Así que neno sabe xa ler, escribir e algo de contar, hanlle de dedicar a que aprenda a súa lingua vulgar nativa con toda a extensión posible: a

E é bárbara crueldade e necesidade escusada que uns forasteiros aprendan ós nenos galegos mediante a lingua castelá, que non saben.

coidado...

é bárbara crueldade e

aprendan ós nenos galegos

castelá se é castelán; ou a galega se é galego; e se é galego, sen acordarse para maldita a cousa nin da castelá, nin da latina, nin da francesa, nin da italiana nin doutra calquera que non mamou. Facía defensa do idioma materno: *É unha necidade pensar que poida haber unha lingua, viva ou morta, que sexa mellor para explica-los seus conceptos ca aquela que un mamou e usou en toda a súa infancia.*


A lingua galega non teñen que por qué despreciaza os casteláns palurdos, que non a entenden, e non falan senón coma un papagaio aprendiz, nin merece ser esquecida polos nativos, aínda que leven moitos anos en rexións remotas.

Sobre a Administración e Igrexa, afirmaba: *Tódolos que non saben nin a lingua galega nin os costumes respectivos, son ineptos para os altos cargos... A lingua galega non teñen que por qué despreciaza os casteláns palurdos, que non a entenden, e non falan senón coma un papagaio aprendiz, nin merece ser esquecida polos nativos, aínda que leven moitos anos en rexións remotas.*

As ideas de Sarmiento procedían dos enciclopedistas ou ilustrados franceses, defensores do poder da lóxica e da razón, como Montesquieu e Voltaire. En Galicia houbo máis ilustrados, amigos de Sarmiento. Os irmáns Feijoo empregaron e estudaron o galego, como B. Jerónimo, que foi o primeiro en ve-la orixe do galego no latín, isto é, que o galego non era un dialecto senón unha lingua.

Anselmo e Plácido

Tódolos que non saben nin a lingua galega nin os costumes respectivos son ineptos para os altos cargos.



compuxeron algúns poemas, como tamén o Cura de Fruíme (Diego de Cernadas y Castro), autor de coplas populares de moi sona na época, J. Andrés Cornide Saavedra e mais Freire Castrillón. Asemade, o padre Sobreira deixounos léxico de peixes e plantas, á parte do libro *Idea de un Diccionario de Lengua Gallega*. Daquela aínda non se volvera escribir en galego en prosa pois, curiosamente, parecíalles máis apto para a poesía.

Récords sexuais

O mundo da sexualidade garda moitas curiosidades. e entre elas récords de tódolos tipos, dende o pene máis grande á nai de menor idade, todos eles sorprendentes. Aquí presentámosvos uns dos mellores para que gocedes... e flipedes.

AMOR

En cuestión de sentimentos, en especial de sentimentos matrimoniais, temos que falar en primeiro lugar da poligamia. O rei Salomón (973-933 a. C.), que gobernou durante corenta anos, posuíu durante todo este tempo setecentas esposas e de sesenta a trescentas amantes, case nada. En cambio, a muller con máis homes foi a raíña Kahina dos berberes (650-702), quen gozou de catrocentos destes berberes da África setentrional para resistir as invasións dos árabes; non era parva a rapaza...

Pero non a todas estas persoas se lles perdoaba casaren con máis dun/ha. Giovanni Vigliotto contraeu 104 vodas en 32 anos, 27 estados e 14 países. Non sei cómo faría con tanta muller, pero o caso é que por isto pasou vinteito anos en prisión. Pode parecer moito tempo, sen embargo só se trata dun acto machista xa que anos antes Theresa Vaughan, que "só" casou con 61 homes, foi condenada a vintecatros anos, case os mesmos ca Vigliotto por 43 vodas menos.


Neste apartado remato cun relatiño: alá polo século XVII, cando una tal Fatma, filla do sultán Ibrahim, foi casada ós 3 anos de idade co segundo visir, Yusuf, quedou viúva ó ano seguinte pola morte deste, polo que se converteu na viúva máis nova da historia. Mais o conto non finaliza aí, porque ese mesmo ano, despois de casar de novo co almirante Fazil, este tivo que ingresar nunha prisión do exterior da que non volveu xamais ata máis tarde, morreu, deixando a Fatma viúva por segunda vez. (Unha nota ós curiosos: Fatma decidiu non volver casar).

PROMEDIOS


A *Asociación Española de Androloxía* estableceu o ano pasado que a lonxitude media do pene erecto atópase en 13'58 cm e, en extensión, entre 12 e 16 cm. Por outro lado, a duración da erección é máis alta entre os 21 e 25 anos, baixando progresivamente nos anos sucesivos. A exaculación media é de 45 km/hora (xDD) e o volume normal de cada unha é o dunha culleriña de café, aínda que hai moitas variacións. O seu contido enerxético é dunhas tres quilocalorías e por cada milímetro atopamos uns vinte millóns de espermatozoides.

No noso caso, as mulleres experimentamos a primeira visita da menstruación ós 12'5 anos, idade que estivo diminuindo 4 meses por cada década desde 1830. A duración desta adoita ser de cinco días e a chegada da menopausia anda máis ou menos polos 48 anos.

A frecuencia coa que practican os españois o coito é de 98 ó ano, pouco fronte ós america-



nos, que están á cabeza con 124 veces. A idade media da perda da virxitude é de 18'2, sendo máis alta nos homes ca nas mulleres, mentres que os lugares máis atractivos, pese a ser a cama a gran realidade, son a praia, a bañeira, o bosque e o coche, entre outros. A duración media do orgasmo masculino dáse entre 3 e 5 segundos e o feminino entre 5 e 8 (xD); en ámbolos dous sexos, as contraccións orgásmicas ocorren en intervalos de 0'8 segundos.



CONCEPCIÓN

Hoxe falan moito de que cada vez hai máis rapazas novas con fillos... pois imaxínade que se desen tantos casos coma este, o da nai máis nova do mundo, Lina Medina, que concibiu un neno á idade de 5 anos e 7 meses. Xa sei, parece imposible, pero non; o que pasa é que existen casos raros de desequilibrio hormonal que causan desenvolvementos espectaculares no aparato reproductor que o fai apropiado para a fecundidade; Lina, por exemplo, comezou a ter a regra ós 3 anos. Outra cousa é quén lle faría iso a esta nena peruana, porque pai rexistrado como o menor de tódolos tempos non foi, visto que o recollido é moito máis recente e doutro país, Inglaterra. Este, Sean Stewart, de 12 anos, recibiu o día libre na escola para acompañar á súa amiguiña adolescente, Emma Webster, o día do seu parto. Non sei se é enternecedor ou lamentable.

Por outro lado, a nai máis vella foi Araceli Kent, que enxendrou unha filla ós 63 anos, aínda que, iso si, tras mentir na súa idade cando foi facer o tratamento de fecundidade, pois é perigoso en mulleres moi anciás. O pai máis vello, en cambio, tiña 93 anos e chamábase Correy.

O último emperador de Sharifian (Marrocos), Mulai Ismail, tivo uns cantos fillos coas súas concubinas. Hai que destacar un ano, o seu ano de ouro, 1703, no que aumentou a familia con 342 fillas e 525 fillos (non me estraña que matase tanta xente, os fillos ocupábanlle moito espacio e diñeiro), e xa en 1721 fardou de ter setecentos descendentes varóns. Por sorte, as mulleres non podemos parir tanto neno, nin sequera a pobriña do récord, que trouxo ó mundo 69 escasos fillos, entre vintese confinamentos, dexaseis pares de xemelgos, sete conxuntos de tríos e catro de cuádruples, desde 1725 a 1765. Xa se esvaecen as ganas imaxinando a situación. Ademais, supoño que os seus peitos estarían escasos de leite, e iso é unha lástima tendo en conta que unha suíza dos anos sesenta tivo que doar a un hospital a metade do leite que criaba porque o seu bebé era incapaz de rematar semellante produción: tres pintas, vaia, litro e medio.

ANTICONCEPCIÓN

Os primeiros anticonceptivos inventáronos os exipcios, que utilizaban excremento de crocodilo ou tampóns de pelusa humedecidos co zume das puntas dos arbustos fermentados de acacia, unha delicia para meternos alá dentro, rapazas. Menos mal que séculos despois apareceron os primeiros preservativos... Por certo, agora que falamos deles, o de maior tamaño foi construído, e non me trabuco no verbo, en 1998, media oito metros e pesaba 1.360 kg.

PORNOGRAFÍA

Moitos de vós seguro que tendes decenas de pelis e revistas porno, pero seguramente non tantas como o Instituto para o Estudio Avanzado da Sexualidade Humana, que dispón da máis gran colección do mundo, empacado con carteis eróticos desde o chan ata o teito, 80.000 libros e máis de 150.000 películas. Quén puidese, ¡eh!

A pornografía é un dos negocios que move máis millóns no mundo. En América, por exemplo, rexistrouse en 1999 a cantidade de doce billóns e medio de euros en vídeos, teléfonos, webs e revistas porno. Logo din que iso é de saídos, ¡moitos saídos hai entón!

A película porno máis vella data de 1907 e nela había tres mulleres nun río, aparecía dun home disfrazado de demo (¿parécemo ou soa un pouco ridículo?) que raptaba a unha delas e, tras practicarse mutuamente sexo oral, penetrábaa. Fin.

O actor porno con máis películas declarouno en 1989 e chamábase John C. Holmes, quen rematou a súa carreira con 2.274 películas. Morrera un ano antes do premio, e non me estrañaría que fose de algo relacionado coa súa xenitalidade. Hoxe, o home vivo con máis *pelis*, en concreto 1.986, é Tom Byron; e Sharon Kane, con 810, é a actriz viva máis peliculeira.

Na actualidade o cine porno non é de moi alto presuposto que digamos, pero piden algúns requisitos como grandes peitos (de silicona) e poucos chíos no orgasmo. Antes non era así, e un claro exemplo sacámolo de *Calígula* (1980), unha película X ambientada na Roma do reinado de Calígula, o emperador que custou nin máis nin menos que vinteún millóns de euros. Sen embargo, hai poucos anos produciuse unha de maior prezo, *Showgirls*, que valeu cento cinco millóns.

Non sei o que recadarían todas estas pelis pero si canto gañou *A gorxa profunda* (1972), na que na produción só se gastaron 28.000 euros, mentres que na recolleita se obtiveron trece mil millóns.

ARTEFACTOS

Os primeiros consoladores foron atopados por uns arqueólogos en Paquistán e datan do cuarto milenio a. C. Estes parécense ós consoladores modernos, son de orixe hindú, representan símbolos do deus Shiva e dise que os utilizaban en ritos relixiosos de sexo. Eses ritos non existen na relixión católica, ¿verdade? ;)

O primeiro vibrador, nembargantes, non apareceu ata 1869, momento no que o Dr. George Taylor inventou un artefacto de vapor chamado o *Manipulador*, que daba masaxes na


parte baixa da pelve mentres a paciente estaba de pé ou tumbada. Desgraciadamente, a máquina era custosa e cara de manter, polo que o uso quedou limitado a un escaso grupo de xente. Pocos anos despois, en 1883, Mortimer Granville inventou o vibrador electromecánico, que foi o primeiro modelo práctico, xa que era portátil, bastante compacto e podía durar horas cunha soa carga.



Olalla Rodríguez.
1º BACH.

Paneis solares

Segundo me comentou algún profesor do centro, hai algúns anos quíxose instalar no noso instituto uns paneis solares. Esta idea era moi boa xa que a enerxía que se obtiña, ademais ser renovable e non contaminar o medio ambiente, é moi abundante tanto aquí como no resto do noso país. A súa utilización contribúe a reducir o efecto invernadoiro polas emisións de anhídrido carbónico (CO₂) á atmosfera, así como o cambio climático vernadoiro. Ademais, coa todos contribuímos a que mén o Sol noutros centros que me deixou abraiado mentado neste tema foi que centro escolar que ten este xía e xa hai sobre dous paneis; aínda así teñen moitos venderen a enerxía obtida eléctricas.



causado polo efecto in-súa difusión e promoción no futuro se aproveite ta-ou edificios. Unha cousa cando me estaba docu- en toda España só hai un tipo de obtención de ener- anos que posúen estes pa- inconvenientes para lles que sobra ás empresas

Este é un dos principais problemas que padecemos no noso centro xa que un dos inconvenientes consiste en qué facer coa enerxía sobrante. Cando máis se produce é no verán, e a sobrante do centro é moita. Como as enerxías limpas en realidade son máis caras cás que nós recibimos nas nosas casa, á maioría, por non dicir todas, das compañías eléctricas non lle saíría nada rendible ter que comprárnola ó prezo que está regulado polo goberno porque, ó ser unha enerxía limpa, este tería que pagala mellor.

Outro inconveniente é chegar ó 100 % do presuposto da instalación: aínda que se obtivesen moitas axudas, case seguro non se chegaría a obter o 100 % dos cartos necesarios; se cadra se chegaría a obter sobre un 80 ou 90 % pero a porcentaxe que faltase podería ser o presuposto dun ano do centro: un centro público non pode endebedarse, polo que non se podería levar a cabo.

Esta idea de colocar paneis solares nos centros está promovida por Greenpeace. Esta organización leva todo o papelame dos trámites que hai que seguir para a súa instalación, ademais de subvencionar tamén o custo da obra. Este proxecto vai funcionando dende hai seis anos pero, como comentei anteriormente, só nun centro. Se se levase a cabo o proxecto, os beneficios que se obterían serían moitos:

Beneficios medioambientais:

- Diminución das emisións de CO₂. Por cada 20 kw/h de electricidade producida a partir de enerxía solar déixase de emitir uns 10 kg de CO₂ ó ano.
- Redución da contaminación atmosférica, do efecto invernadoiro producido polas emisións de CO₂ e do cambio climático orixinado polo efecto invernadoiro.

Beneficios educativos:

- Educación do alumnado nas tecnoloxías ecolóxicas e na cultura do respecto polo medio ambiente.
- Programación de actividades educativas relacionadas coa enerxía solar e coa ecoloxía.
- Contacto e intercambio con outros centros incluídos na Rede de Escolas Solares en España (e posiblemente noutros países).

Beneficios económicos:

- Cada kilovatio-hora producido con enerxía solar fotovoltaica podémolo cobrar a **0,40 euros**.
- Unha instalación de 5 kw de potencia pode producir ó ano entre 5.000 e 7.500 kw/h, é dicir, entre **2.000 e 3.000 euros** (arredor dunhas 500.000 pts.).
- Unha instalación de 5 kw de potencia custa aproximadamente duns **30.000 a 36.000 euros** (de cinco a seis millóns de pts.) e pode producir entre 150.000 e 187.500 kw/h en 25 ou 30 anos, é dicir, de **60.000 a 72.000 euros** (uns doce millóns de pts.).

Uxío. 1º BACH.

Prostitución

Agora chaman ás prostitutas traballadoras sexuais, seica para erradicar a deshonra social da cal son vítimas. Chámanas tamén mulleres de vida alegre. Por favor, que se deixen de parvadas. A prostitución non é un traballo, e tampouco o máis antigo dos que existiu na historia da humanidade, como din algúns e algunhas; o que si está claro é que se trata dun medio de explotación; ¿é iso unha causa de alegría? Persoalmente, e falando claro, a min non me *molaría* moito deixar que sabe Deus qué vello, enfermo ou drogado fixese do meu corpo o que lle petase, recibindo a cambio unha miseria de cartos que, na súa maior parte, xamais vería nas miñas sobadas mans, xa que irían parar ó chuliño ó que pertenzo (no caso de que “traballase” nun centro nocturno, lugar ó onde se move gran parte delas). ¿Profesión? Parece mentira.

Son moitas as mulleres que ven o seu único camiño para subsistir vendendo un corpo que está con elas, pero que case deixará de selo, pois sufrirá abusos, agresións, violacións e demais maltratos que elas non poderán deter por medo á perda dese último medio de vida ó que teñen que recorrer debido á súa escaseza de oportunidades. Pero estas persoas non son as culpables desa autoagresión que están cometendo, é a sociedade.

Máis dunha diría que, aínda que estivese cabo da morte, nunca collería esta dura e sacrificada estrada. Xa, iso é doado de dicir cando se ten casa, comida, algúns cartiños... mais non cando se dorme na rúa, pasando frío, fame... Elas, claro, acoden a uns bos homes que lles prometen un bo traballo nun bo lugar e, ¿que atopan logo?: uns manipuladores que as ameazan e obrigan a ofrecer a súa dignidade por cinco céntimos. Así funcionan as redes de tráfico de mulleres que existen en tódolos países, ás que non se lles debe dar demasiada importancia, polo visto.

Tamén din que esta “profesión” é unha arte que se transmite de xeración en xeración. Arte, *mi má*. O sexo será unha arte, pero só cando se leva a cabo libremente e recibindo un pracer recíproco, o que non pasa neste tipo de relacións. A pesar de todo, estas mulleres loitan polos seus dereitos e crean asociacións para protestar pola inxustiza que viven ó ser rechazadas na sociedade como as traballadoras de soldo sucio ou mal obtido. Unha delas, a Asociación de Traballadoras Autónomas, publicou o pasado verán o seguinte: “O control e a loita contra a prostitución só significan represión contra a muller que a mesma sociedade obriga ou condena a prostituírse”.

Non queren ser prostitutas pero, mentres teñen a obriga de selo, tampouco queren ser utilizadas, visto que é a súa única forma de sobrevivir e quérenas conservar xustamente e sen abusos; así que é normal (aínda que non o comparo) que defendan as súas vidas.

Non debemos desprestixiar todas estas mulleres, valorosas ou desesperadas, que exercen mediante enganos ou para salvaren a vida das súas familias iso que moita xente chama traballo pero que, ó mesmo tempo, tamén intenta negatizar, alegando que elas mesmas están contentas co que fan e gozan da súa condición de prostitutas, algo que, na maioría dos casos, é mentira.



Olalla.

Viaxe a París

Unha cidade para perderse



Ímosvos contar, se se pode dicir así, algunha historia do que nos aconteceu nesta viaxe.

Todo comezou o venres 15 de marzo sobre as 9:00 ou algo máis tarde, debido a que a viaxe xa empezou “ben” polo que aconteceu co autobús que nos ía levar. Era un microbús de aproximadamente 35 prazas e nos eramos vintenove alumnos e os dous carcereiros, supoñendo que isto fose así, non resultou como criamos xa que ó final o pasamos moi ben con eles.

Sobre as 11:30 da mañá chegamos ó lugar onde tería lugar o noso trasbordo a un autobús en condicións. Comezamos a nosa viaxe na que pensabamos que o peor xa tería pasado, inda que esta viaxe nos tiña deparado grandes aventuras. No transcurso desta apaixonante excursión pasamos por lugares como Santillana del Mar, que contén no seu nome as tres mentiras máis grandes de España, que son: non é cha, non é santa e non ten mar.

Contra a noitiña paramos a cear na cidade de Santander onde algúns de nós collemos un autobús urbano para ir á praia de El Sardinero, onde tivo lugar a primeira das nosas anécdotas, como foi a do baño que tiveron algúns dos meus compañeiros cerca das doce da noite.

Cando xa voltamos ó autobús intentamos acomodar o noso corpo ós reducidos asentos do autobús. Todo proseguíu cun silencio, non moi longo porque se viu interrompido por unha charla que comezou polo goberno de Galicia e rematou pola manga ancha dos nosos pais, charla que sorprendeu moito ós profesores xa que se deron de conta de que tiñamos inquiredanzas sobre todo tipo de temas e que ademais espertou do seu agradable sono ós profes e algúns dos nosos compañeiros. Pola mañá, cando chegamos a Futuroscope, debemos esperar o noso guía. Alí só tivemos tempo de acudir a tres actuacións aínda que algúns (cando acabasemos, o guía dixera de quitarnos unha foto en grupo), cinco dos sete homes que iamos na viaxe, fuximos e fomos a unha atracción na que cando montamos nos encontramos cun colexio de Zaragoza e nesa atracción eramos todos españois. A nós os cinco xa nos aconteceu algo, xa lle chegabamos tarde os profes e tivemos un pequeno discurso.



Arco do Triunfo

non vos quero dicir cándo o encontraríamos. Alí xa comezou o bo: ó chegar o “ghicho” do hotel, quíxonos cobrar por anticipado quince euros, se non nos enganamos, por se faciamos barullo e ó final os profes, tanto os nosos como os de Baio, dixeron que non tiñamos que pagar eses cartos porque non se nos advertira nada diso na axencia de viaxes.

Como non vos comentamos nada d@s do outro colexio, direi que nun principio non @s “traghabamos” nós a eles e elas e supoño que elas e eles a nós tampouco, aínda que ó final non nos que-

riamos despedir deles//as xa que eramos como unha gran familia.

Despois da primeira noite comezou para nós o que serían unhas longas xornadas de camiño, é dicir, que cada día faciamos moitos quilómetros de camiñatas (aínda que ó final pagarían a pena). Visitamos lugares como os Campos Elíseos, o Arco do Triunfo, o museo do Louvre, etc.

No museo do Louvre vimos todo tipo de arte, dende a exipcia ata a grega, contemplamos a Venus de Milo, a *Batalla de St. Tropez* e a famosísima Gioconda de Leonardo da Vinci, etc., aínda que pola miña opinión me defraudou un chisco xa que esperaba algo mellor (Eustaquio). O mellor estaba por chegar: cando saímos do Louvre recolleunos o autobús para subirmos á tan esperada torre Eiffel. Serían as nove da noite máis ou menos cando chegamos alí. Mentres Puri e Esther recollían as entradas, nós estabamos observando semellante beleza ou paseando cerca de alí.


Aquí sucedeunos unha graciosa anécdota, que foi que un señor asiático, do que non sabemos ben de qué nacionalidade era, mandounos pasar diante del a tod@s por onde tiñan que pasar @s que saían e a señora que collía os tiques reclamounos. Pedro e Puri non o sabían. Pero o asiático falou coa outra señora para que nos deixase pasar e ó final acordou deixarnos. O mesmo home aínda falou algunhas palabras en castelán e agradecémoslle que nos permitisen pasar.

Cando chegamos alá arriba todo foi marabilloso, víase todo París dende alí, e ata chegaron a cantar xa que Puri levaba unha pandeireta e algunhas das nosas compañeiras animáronse e tocáronnos alí unhas pezas. Cando estabamos dentro da torre xurdiu da nada un rotulado. Foi o comezo doutra aventura, a cal vos imos contar: empezamos a firmar nun lado da torre todos nós e algúns do colexio de Baio. Témosvos que contar que iso non se podía facer, por iso mesmo vos rogamos silencio e moita discreción.

Outras anécdotas foron as que ocorreron nun edificio chamado Le Champanille. Nunha das noites parisiñas cinco magníficos, algunhas rapazas e xente de Baio estabamos nunha habitación falando, e polo que sucedeu despois, bastante alto. Preto das catro da mañá empezáronnos a petar na porta e cando abrimos apareceunos un gran armario de color que empezou a dicirnos na súa lingua: “allez, allez, allez...” e nos entendiámoslle: “alé, alé, alé, fóra do hotel” e non sei qué máis. Un dos de Baio quixo falar con el, pero este non entrou en razón e tivemos que saír voando todos de alí e buscar a vida para poder durmir o que quedaba da noite.

O bo foi que os profesores non o souberon ata que llelo comentamos nós cando xa viñamos de camiño. Esa mesma noite o autobús parecía outra cousa en comparación coa noite de ida, parece que durmimos máis esa noite que no transcurso de toda a viaxe. A cidade na que comemos polo mediodía sería o lugar de despedida no cal se separaban os nosos autobuses e xa non volveríamos ver os nosos amigos do instituto de Baio. Ademais ese sería o lugar onde poderíamos encher máis aínda o mar que se atopaba á nosa beira coas bágoas da despedida; houbo moitas pero que moitas bágoas porque, despois dunha semana tan especial, nos chegamos a coller moito cariño mutuamente.


Agora só nos quedaba voltar para a casa aínda que moitas ganas non tiñamos. De camiño topamos cunha parella de gardas civís, con cara de poucos amigos, que nos puxeron unha multa por pisarlle algo de máis ó acelerador. Como fora para poder ver outra vez os do colexio de Baio, fomos bos e fixemos unha recolecta para axudar a pagar a multa, aínda que os conductores non nos querían aceptar os cartos. Todo transcorreu con normalidade ata Padrón, onde os nosos profesores nos confesaron polo micro do autobús que, a pesar de que estaban moi cansos, o pasaran moi ben connosco. A iso das once da noite do día 22 de marzo chegamos sans e sas a Caldas.



Notre Dame

Susi Fontán e Eustaquio. 1º BACH.

Eu non creo nelas, pero habelas, hainas



Terra Meiga, Terra Máxica, Berce das Supersticións... Son algunhas das formas que utilizamos para falar de Galicia en canto á súa cultura se refire.

Todo o mundo ten algo que opinar sobre a maxia, uns cren cegamente nela, uns poucos dubidan da súa existencia, outros ignórana e a maioría nega que exista.

Nos nosos miolos formúlase a cotío todo tipo de preguntas sobre a maxia: ¿cando naceu dita práctica? ¿Existen realmente as meigas?

Cóntase que, cando Deus acabou a creación do mundo, puxo unha das súas mans nunha parte del e que xurdiron entón dos seus dedos as Rías Galegas.

Fóra da relixión ou quizais mesturada con ela, dunha forma tan secreta que non se sabe quen está na ortodoxia ou quen se sitúa no alén das portas, apareceron nesa noite a Santa Compañía e a Figa, a medio camiño entre o meigallo e o milagre.

Moita xente cre que a Nosa Terra é supersticiosa polo “atrasad@s” que estamos con respecto a outras, mais isto non é certo xa que nos consta que aquí houbo verdadeiras bruxas que aínda agora teñen moita importancia, tales como a baralleira e a sabia. Imos falar un pouco delas sen estendernos demasiado:


A señora María do Ulla, máis coñecida como a Baraxeira, tiña sona en tódolos arredores por dominar maxias varias. Esta meiga, axudada do *Libro de San Cibrán* (ou *Tesouro do feiti-ceiro*), era experta en solucionar problemas matrimoniais, de herdanzas, familiares...

Certamente, a Baraxeira era o calco exacto dunha bruxa. E aínda máis ca calco, era a bruxa por excelencia da súa comarca.

A sabia (este alcume deriva da súa sabedoría) viviu longos anos na comarca de Bergantiños, dando saúde ás xentes cos seus meigallos. Muller forte, chea de enerxía, e capaz de dominar e persuadir ás débiles xentes de pouco carácter que onda ela se achegaban.

Para os seus remedios utilizaba maxistralmente fórmulas, amuletos, oracións, a Cruz de San Basilio... Era experta en curar doenzas físicas e psíquicas, tales como a envexa, o tarangaño, o mal de ollo...

Isto parécenos que queda moi lonxe de nós, aínda que realmente non é así, nós non tere-mos a oportunidade de coñecer a baralleira ou a sabia, pero hoxe en día aínda existen meigas, a pesar de que polo baixo cantando todos neguemos a súa existencia; digo “polo baixo cantando” porque é verdade que o negamos pero tamén é certo que moitos acoden a elas nalgún momento da súa vida. Nós acudimos xunto dunha para que ela mesma nos contase algunha experiencia propia:



¿Hai canto tempo empezaches a bota-las cartas?

¿A dedicarme? Mira... cóntoche a historia. Eu crieime coa miña avoa, que receiptaba herbas; ela era o que se podía chamar unha curandeira. Estiven con ela ata os quince ou dezaseis anos, entón entre “búscame estas hierbas, vamos a preparar estas hierbas”... A min dende logo aterrábanme estas cousas, sobre todo eso de ver á xente na casa: sempre lle estiven escapando a este tema. E chegou un momento no que ela me dixo: “Mira. atiéndeme tú a este”. “ponle las hierbas en los pies”, “enciéndele una vela a no sé cuantos”, mentres que ela tiña outra persoa ali, polo tanto, vinme implicada na historia, fun aprendendo a pesar de que me aterraba. E logo estiven traballando con ela como aprendiz, por chamarlle dalgunha maneira. Despois casei con dezanove anos e parei de facer cousas ata os vintetrés, e... ata agora (**todo isto contounolo mentres fumaba un cigarro**).

¿Que tipo de xente acode á túa consulta?

O que pasa é que aquí en Galicia tendes unha parafernalia totalmente distinta ó de ali (refírese a Venezuela, terra onde ela naceu). Na miña terra crese nestas cousas, pero non no mesmo sentido, é que aquí a xente pásase un pouco. E tamén a parafernalia que está montada ó redor deste tema é realmente para alucinar. Eu podo sentir ou ver cousas, pero non como @s que din: “oh, he visto al espíritu de fulano y de mengano”. Eu creo que pode se-la cultura da xente ou quizais o pouco coñecemento que teñen sobre esta historia (**entón pregunta amablemente a unha de nós se lle molesta o fume do tabaco**) ou os medos tamén que lles meteron na cabeza. Porque é que eu non o vexo doutra maneira, ¿entendes? Os temores que teñen do veciño e toda esta situación... claro que pode haber malos veciños.

Se tes unha temporada co veciño dándoche a vara a cada pouco, claro que está vostede negativo, claro; pero non está negativo porque o veciño lle tirou a bruxería, está negativo porque vostede está estresado de tanto problema co veciño (**di rindo**), tanto xuízo co veciño, tanta pelexa coa leira de marras... ¿Dádesvos de conta?

Realmente vén xente de tódolos ámbitos. Pero xa no tema de cartas, xa vén xente doutro nivel, de distintas clases sociais, porque non soamente vén a xente dun nivel social baixo ou cultural, non soamente vén ese tipo de xente. Porque, mira, é ese tipo de xente a que precisa máis axuda pero... eu non teño tempo para educalos a todos, ¿Dádesvos de conta?

¿Cres que o relixioso e a maxia están relacionados?

Realmente está moi relacionado no sentido de que na época da Inquisición os curas buscaban este tipo de mulleres que se dedicaban a facer curandeirismo ou curar unha dor a calquera persoa. A xente deixáballe-la vontade, ou deixábanlle algo, polo tanto ós curas a xente íaselles do “chiringuito”; entón, ó irse a xente das igrexas o que facían era darlle “caña” a todo este tipo de mulleres. Se imos a iso, está moi relacionado ata certo punto, ou sexa, que en realidade nos ven como a competencia económica. Porque, se a eso imos, por exemplo, hai curas, como o do Corpiño, que che fan unhas oracións e pódeche aliviar bastante, chámalle suxestión, chámalle como queiras. ¿Dádesvos de conta? Realmente podemos face-lo que realmente facía o cura, falar contigo, e podemos dicirche: fala co teu marido, coa túa nai, isto pódeseche amañar... tal e cal. Realmente nesa parte, ou na parte de oracións ou bendicións, como podíamos face-lo mesmo, a Igrexa comezou a darlles “caña” a todas estas mulleres. De aí vén a persecución.



¿Esa característica é innata ou apréndese?

Eu non sei qué che diga, depende do que me preguntes. Se se trata do tema das cartas que a xente di “bah, adiviña polo tema das cartas”, non. Para eso nácese; creo que naces cun algo porque hai xente que se dedica ó tema das cartas e non sabe, por exemplo, interpretarlas; pero eu non creo que sexa cuestión de interpretación porque, antes do tema das cartas, e de feito, a miña avoa non botaba as cartas, antes só era con eu mirar unha persoa. Realmente, dígoche que si que se ten algo. chámalle don, pero pode ser que unha persoa teña máis sensibilidade ca outra.

¿Ti cres que os galegos teñen moito medo á envexa?

Si, si, pero realmente eu creo que a envexa vén porque a xente é moi insegura, entón eu creo que a inseguridade crea medo, é ó crear medo...¿ a quen vou atacar, se non, ó veciño, que é o que tes máis preto? O que pasa é que os galegos sodes torpes coma mulas (**supoñemos que o dixó sen intención de ofender**). Dáse o caso de que xente que ten unha mala tempada na casa, mórrenlle os animais, o fillo ten un accidente..., acoden onda ti e dislles que teñen unha mala tempada e a continuación din que ten que ser por que si algo: un meigallo, a envexa...

En Galicia fálase moito do mal de ollo... ¿ti cres que en realidade hai xente que pode facer algo coa mirada?

Eu non lle chamo mirada, eu chámolle forza mental. Entón, se lle queredes chamar “ollos fortes”, chamádelle como queirades. Eso depende do momento e das ganas que lle teñas a alguén.

¿Poderíasnos contar algunha anécdota graciosa que che aconteceuu?

Polo visto por aquí pola zona a algunhas meigas teñen o costume de levarlles algunhas prendas. Porque, de feito, cando eu empecei aquí, a xente traíame prendas e eu dicía: “¿E que fago?”. Entón dicíanme: “Pois bótame unhas bendicións” e tal.

Entón, unha vez, unha muller acompañada da súa filla tróuxome un calzón do home que estaba na casa alterado, e entón díxome: “Bótelle aí unhas bendicións“. Daquela a filla díxolle: “Pero mamá, ¿só trouxeches un?”. E a nai respondeulle: “¿E ló?, ¿pa que queres máis?: un pa todo o inverno ben lle chegha” (**¡hixiene ante todo!**).

¿Outra anécdota máis?, pois veña. Había un rapaz ó que lle mandei facer uns baños con romeo, sal, un pouco de ruda e unhas mondas de allo. Férvese todo eso (serve para relaxarse) e hai que facer sete baños para que saia a enerxía negativa. Claro, e hai que ducharse tódolos días con ese potingue. Entón o rapaz díxome: “¿Tódolos días? Entón na miña casa van sospeitar... porque... ducharme tódolos días...” (**¡pobre da muller que o leve!**).



Querémosche agradece-la túa amabilidade e... ¡ata outra!

Ata outra e sede boíñas...

**Patricia Martínez
e Susi Fontán. 1º BACH**

Bulimia e anorexia

Están delgadas. De lado seme-llan táboas de madeira. A pesa é o seu maior temor.

¿Cales son as causas?, pensare-des. Pois iso é algo que aínda hoxe se descoñece. O complexo por non te-lo corpo que se desexa procede de feitos como querer ser coma Cindy Crawford, incluso pola soidade ou, por qué non, por querer chama-la atención. A maio-ría asocia esta enfermidade mental coas rapazas, sen embargo tamén a padecen os rapaces.



Unha vez, unha moza adelgazou porque ó seu mozo non lle gustaba cómo estaba. O único que demostrou o mozo foi que a quería para lucir por aí. Se a apreciase de verdade, que-rería tal como é.

En canto ós síntomas, no caso das bulímicas, son frecuentes as enchentes, ás veces ás agachadas; e, cómo non, provoca-lo vómito. Algunhas fuman para así diminuí-las ganas de comer. Teñen bruscos cambios de humor, séntense mal ó inxerir alimento e o seu maior terror é subiren de peso, por iso pasan o día pesándose. Nunca recoñecen que están enfermas, teñen sentimentos depresivos e algunhas aumentan as horas de estudio. No caso das anoréxicas, habería que engadi-lo rechazo á comida.



O malo destas dolencias é que, a pesar de que perdan peso e da súa extrema delgadez, eles ou elas non o ven, polo que queren seguir adelga-zando.

A anorexia afecta sobre todo ás mulleres de entre doce e vintecinco anos, sendo entre quin-ce e dezasete a idade media de inicio. Esta doen-za, detectándose pronto, ten cura mais nun 5% dos casos a enfermidade está tan avanzada que @ paciente morre.

A bulimia aparece entre os 14 e os 40 anos e só entre un 30 e 70% dos casos @s en-ferm@s logran sandar.

Natalia Trasande. 1º BACH.

Creación literaria

Unha cadela



A miña cor é canela. Disque non son fea de todo, ben, eso dí "unha maresita". Así é como se define a que é a miña dona. Ela di cousas como "unha maresita vaiche face-la túa comidiña e despois imos dar un paseo, porque esta cadelinha necesita ir correr e, de paso, a ver se mexas e cagas". Ás veces dime "hoxe ímonos bañar", e a primeira vez que me dixo tal eu pensei: "¿Irase bañar comigo?". Pero, non, fun soa. Eso si, bañoume na bañeira deles, despois secoume cun trapo grande e colleume no colo mentres dicía: "Esta meniña que eu teño no colo, despois de bañala parece un repolo". Di cousas que me fan rir aínda que ela non se decata. Polo demais a miña vida é tranquila. Na casa na que me tocou vivir tamén hai outros dous cans. Un é fillo meu e o outro xa estaba cando cheguei. Di maresita que é meu irmán. O meu fillo só quere xogar: racha e cambia as cousas de sitio, entón a nosa familia berra con el e sempre lle din: "Cago ata na cona que te pariu, es malísimo".


Sáume negriño. Imítalle ó seu pai, que tamén é negro. A min non me gustaba para mozo nin ter amoríos con el pero, coma sempre, foi mare a que se empeñou en que tiña que ser así. Este meu fillo cumpriu un ano o 30 de marzo e xa comeza a erguer a pata traseira cando mexa. É moi listiño. Cando chega a noite durmimos xuntos. Unha mare fainos a camiña de roupa vella, así no inverno durmimos quentes porque tamén nos cobre con roupa. Ó meu fillo ás veces hai que zorrerlle porque non ten parada, levántase e destápame a min e aí xa comeza outra vez o lío. Dende a ventá da cociña grítalle mare: "¿Quen che deu permiso para saír? Son horas de durmir. Carallo, qué bicho máis malo. Se non fose por Deus, levabas unha tunda que mexabas por ti, non che ía dar tempo de levantar a patiña", pero despois cólleo no colo e tráeo xunto a min: "Veña a durmir con túa nai de pelos, non sexas maliño". No verán imos á praia pero onde non hai moita xente xa que algúns humanos non queren que haxa cans onde eles están tomando o sol e menos aínda que se bañen onde nós tamén nos bañamos. Inda que non é estraño que non queiran porque tendo en conta o que fixo unha vez meu irmán, o maior... Foi á praia cunha mare e co avó e viu sentado un meniño que tiña na man un bocadillo. O moi parvo, como é un tragón, foi correndo e quitoullo da man ó cativo. O pobre rapaz levou un susto de morte. Comezou a chorar e a tremer mentres o meu irmán

comía o bocadillo. Ó final unha mare tivo que lle comprar outro bocadillo ó neno e a cousa quedou nun simple susto.

E agora que empecei, vouvos contar máis cousas do meu irmán maior. Aínda que da mesma cor, é máis grande ca min e ten o pelo máis curto. Creo que anda con algún problema de obesidade pois está gordísimo, malia que non pode resultar estraño porque só fai comer e durmir. Non é malo. Pola contra, é moi tranquilo, pero é un can solitario, non lle gusta xogar, nin saltar, nin rir, nin correr... El só se entende cunha persoa da familia. Eu creo que son de carácter parecido, por eso se soportan máis que se levan ben. O meu fillo sempre anda a pousar as patiñas nel a ver se se anima e xoga, o outro pasmón roxe coma un león e cóllepelle a cabeza enteira coa boca. As primeiras veces pensei que o comía vivo, pero non, é só por asustalo aínda que o pequeno non se dá por vencido e volve chuzar nel.

Na casa tamén hai unha rapaza que me quere moito. Eu penso dela que está algo toliña. Unha mare tamén berra con ela pero non sei por qué me dá que é a que máis me quere no mundo.

Ben... non teño máis que contar. É así máis ou menos cómo transcorre a miña vida. A miña familia quéreme e eu correspóndolle. A mare, á que máis.



Lúa Branca. 2º BACH.

¿Por que non podo ser cativa de novo?

¿Por que non pode mamá
solucionalo cunha caricia?

¿Por que non pode a avoa
recubrir de mel a ferida?

¿Por que non pode papá
silenciarme cun bico na fazula?

¿Por que non pode o avó
facerme sorrir cunha cantiga?

¿Por que me fago maior sen delicadeza?

¿Por que abandonar a infancia
me provoca tristeza?

¿Por que non volven as tardes de verán
nas que con miña nai
amorotos saía a buscar?

¿Por que non volven as bonecas
ocupar o seu lugar?

¿Por que teño que sentir
algo especial por ti
que dalgún modo me fai sufrir?
¿Por que cada vez que te vexo
se ten que destar unha tormenta,
que me consome,
que me rebenta?

¡Maldita sexa! Quero volver ser pequena.

CARTA DUN PORRO A UNHA PIRULA

Querida Pirula:

Sinto que teñas que ler esta carta nestes momentos en que, seguro, estás de resaca (a verdade é que non, é mera educación), pero amólaste igual, que ben o mereces.

Escriboche para que saibas o que fixeches esta pasada noite durante os teus particulares delirios persecutorios e as túas típicas alucinacións, que chegaron xa ós seus extremos, razón pola que me dirixo a ti; a todo isto, son eu o encargado de comunicarcho pola simple razón de que ningún dos demais estaba disposto a facelo.

Mira, Pasti, sabemos que es a única de todos nós que procede enteiramente de laboratorios e produtos químicos, que por iso, en moitas ocasións, non es consciente das túas paranoias mentais, pero... colega, ¡onte pasácheste! Imaxina que ata o Tripis flipou (por certo, que, por unha vez que vén, vas e fódela), por non decir Coca e mailo Speed, que marcharon dicindo que non ían volver ir de festa contigo. Nada, tía, que a fixeches *ghorda*.

Non sei se sabes, polo feito de que es a máis moza do club, que o que subscribe é, segundo as enquisas, a droga ilegal máis consumida na Unión Europea e que, á parte dos seus pequenos riscos, ten propiedades curativas, sobre todo cando se basea na marihuana. O caso é, querida Pirula, que por iso tes que deberme un mínimo de respecto e non andar con eses aires de grandeza e de superioridade cos que andas polo mundo. ¿Acaso pensas ter maior importancia que calquera dos veteranos deste traballo? ¿Ti, unha vulgar invención de substancias químicas?

Non vou negar que cada vez tes un maior recoñecemento da xuventude e tampouco que es moi ben agraciada polos teus fans, mais, rapaza, qué queres, unha vez máis o xénero masculino permanece por riba do feminino, é evidente.

A todo isto (váiseme un pouco a “olla”, comprédeo), onte, entre as túas vergonzantes accións (tranquila, que non me vou ir sen que as escoites), sorprendeme particularmente que ti, sempre tan inqueda e eufórica, sufrises cambios de personalidade constantes que, loxicamente, foron os que te levaron a eses comportamentos paranormais cheos de agobio e confusión. Desculpa, pero es unha flipada, Piru, entende por qué.

Acabo de recordar algo... (non sei qué me pasa, que esquezo cousas todo o tempo). ¡Ah! Díxome Coca que dentro de media hora fose con ela ó tanatorio (ou algo así) para verte, que a avisaron de que estabas alí. Parece mentira, pero o tempo pasa máis rápido do que eu cría. Mira, lévoche a carta e alí falamos, ¿vale? Veña, que no fondo sabemos que non es tan tola como din todos.

Porro


Olalla.

Carta de despedida

Para Pily Santamaría. Ás veces, cando se gaña, pérdese.

Cánta pena alberga o fondo do meu corazón, que nin galaxias nin universos logran igualala, que só unha persoa pode poñer fin a tal pena, pero asfalto sepáranos. Para tal pena, ¿a que vimos ó mundo?

O meu corazón conxelaron e ó chan botaron, ¿que me queda, pois? Trouxo ó mundo o que máis quero, rouboume o que máis quería, irmán. De ti despídome sen pena, pois medio corazón ti me arrincaches e Gran Amiga o outro medio.



Adeus, meu Anxo da Garda, asfalto xa non nos separa senón océano, a iniciar a miña viaxe sen retorno. De ti despídome, sentida me vou polo fallo que che dou, mais non o sinto, corazón xa non me queda.


O único camiño do camiñante é a soidade, amiga soidade, xuntas para sempre, moza son para tal amiga pero é a cura da miña dor e as puñaladas dos recordos.

Natalia Trasande. 1º BACH.

¿Machista eu?

Lamentablemente, e sobre todo porque moitas mulleres as din sen darse de conta, no noso vocabulario hai centos de expresións machistas que escoitamos a todas as horas e sen darlles ningunha importancia. ¡Amigas, xa é hora de que cambiades o chip, eh!

- *Xoga ó fútbol coma un home.* Isto oíno unha vez na clase de educación física. Ó parecer, a persoa que dixo isto debe de pensar, non sei, que o fútbol é un deporte masculino e que, como tal, toda muller que xogue ben, o fai coma un home, evidentemente. Entón, o importante neste deporte non é xogar ben, ¡é xogar coma un home! É interesante sabelo. Pensar que eu cría que o fundamental no fútbol era saber xogar... mi má.
- *É unha rapaza "fácil".* Nesta acontece como a muller mundana, non hai versión masculina. Claro, esquecíame que eran os homes os únicos que poder pensar no sexo sen ser cualificados e que, polo tanto, eramos as mulleres as que tiñamos que facer todo o posible para non gozar con semellante cousa. Ónde terei a cabeza, meu Deus.
- *¿Por que traballa alí a túa irmá se iso é traballo de homes?* Dende logo, ¿a quen se lle ocorrería deixar entrar unha muller como peón? A min non, por suposto; eu poríaa na súa casa, que é onde ten que estar para que non moleste (¿pásome co sarcasmo? Para min que non, ¡eh!; así é como pensades moit@s de vós, e non o neguedes).
- *¿Que che pasa que estás tan nerviosa? ¿Baixouche?* Isto é moi corrente, sobre todo nos homes. Ven unha rapaza que ten un mal día e asóciano de contado coa menstruación. O que pasa é que eles, coa fobia que teñen ó sangue, xa non saben nin cómo imaxinar iso vermello que nos baixa por entre as pernas, así que deben de pensar que pode afectarnos un pouco a chenchá. Vaia, que... parece mentira neles, co listos que son (xDD).



- *Non digas iso, muller, que queda moi mal nunha rapaza.* Propio das avoas, polo menos das miñas. ¡Ou, pobres de nós, as mulleres, se reproducimos algún tipo de palabra mal soante! ¿Que pasará? ¿Deixaremos de ser finas? Vaia, qué lástima.


- *Non chores; ti es un home, non unha nena.* Isto sae moito nas películas, e claro, nós, como ben adictas á caixa boba, temos que seguir exemplo. Sen embargo, isto é un pouco contradictorio, ¿non? Primeiro din que os homes teñen que mostrar os

seus desexos sexuais e expresarse co vocabulario que prefiran, mentres que as mulleres temos que reprimir todos estes "atrevementos"; e agora din que os homes non poden dar sinais de lamento e, vállame o ceo, chegar a facer tal cousa como expulsar unha miserable bágoa, e nosoutras si. En fin... cousas que pasan.

- *Tes que aprender a facer as cousas da casa, se non, ¿que vai pensar o teu home o día que cases?* Loxicamente, unha persoa que pasa todo o día "loitando para sacar a diante a súa familia" non pode ter tempo ningún para levar a cabo as tarefas do fogar. ¿Solución? A muller, cómo non (Un consello, nenas: se queren unha criada multiusos, que vaian rañala).
- *Son os homes os que levan a iniciativa.* Así estamos. Deixamos que eles comecen todo, ata as relacións, e logo queremos igualdade. Aínda que, pensándoo mellor, non lles imos dar isto feito tamén; iso, que veñan, que pendan da nosa resposta... he, he, he... qué ben soa, ¿verdade?

Olalla

Tópico ou realidade



"A mocidade de agora é un desastre", "Os mozos de agora non saben divertirse", etc.

Seguramente seredes moit@s @s que escoitades frases coma estas a cotío e tamén seredes moit@s @s que esteades fart@s de que volas repitan día tras día. A verdade é que xa, máis que unhas frases normais, son case un tópico.

Nunca pensastes en se é que non nos entenden ou é que facemos méritos para levar a fama. Uns dirán que facemos méritos (os maiores) e outros dirán que os tempos cambiaron ou quizais que non nos entenden (nós).

Un día, escoitando uns matrimonios fa-

lar deste tema, oín isto:

-A culpa témola nós, consentímolos demasiado.

-Tes razón; os tempos cambiaron e nós intentámoslles da-lo que nós non tivemos, pero na educación e nos valores da vida nin sequera nos paramos e despois queixámonos, témo-lo que nós mesmos sementamos.

Outros din:

-Nosos pais non nos consentían tanto, os fillos de agora teñen moito vicio.

-Antes non lles contestabamos así ós nosos proxenitores, pois pegábanos unha do revés que che nos quitaban as ganas de seguirmos falando.

E nunha desas a súa muller contestoulle:

-E logo, ¿ti non terías preferido que teus pais, en lugar de darche unha do revés, como ti dis, falasen contigo?

-Meus pais nunca me mataron e os fillos de agora pasan de ti cando falas con eles.

Opinións coma estas hainas en todas as casas, ben seguro que as hai. Iso é o que opinan os nosos pais da xuventude de agora, pero ¿que opinarán os profesores de nós?

"O problema é que non se lles ofrecen alternativas e fáltalles afecto, polos horarios ou tipos de traballo dos pais e nais".

"É moi diferente da da nosa época, debido a que o mundo é moi distinto. Aínda así teñen cousas en común, como o feito de quererem ser libres e, en definitiva, os desexos de liberdade".

E finalmente a opinión máis importante, a nosa, porque en realidade nós tamén deberiamos de opinar, á fin e ao cabo de nós é de quen se está a falar.

Un día, falando cunha compañeira na clase, pregunteille qué era o que pensaba ela dese

tópico e contestoume:

-Creo que os tópicos son simplemente eso, "tópicos" e que non adoitan ser reais. Por exemplo, "tódolos gordos son felices"; ese tópico non é certo porque @s máis d@s obes@s non están conformes co seu corpo.

E proseguíu falando:

-A xuventude de agora non é unha "desgracia" xa que non se pode xulgar a tod@s por que uns/unhas cant@s fagan o que non deban. Por esa regra de tres tamén se podería dicir "que os adultos tamén son unha desgracia", xa que algunhas veces teñen comportamentos e unhas reaccións máis irresponsables cá nosas.

Outra persoa da nosa idade contestou:

-A xuventude de hoxe arríscase máis ca antes, parece non ter medo ante o perigo. A mocidade de agora vai cada un/unha pola súa lei, é dicir, cada un/unha sabe as súas.

Tamén dixo:

-Están moi influenciados polos medios de comunicación, por xente maior ca eles e tamén polos amigos. Teñen ganas de romper con tódalas normas, ganas de rebelarse contra todo e todos, sobre todo contra as nais e os pais.

É verdade que a actual mocidade está moi influenciada polos medios de comunicación,



como se ve no caso da roupa, en moitas das súas ideas, na súa forma de falar, etc. Estes son feitos evidentes, cousas que vemos a cotío. Por exemplo, na tele ou nalgunha revista sae un anuncio cos novos pantalóns de Levis, Lois..., e de repente comeza a medrar unha fascinación tola arredor deses pantalóns; o mesmo pasa coas ideas e coa forma de falar: iso vese no caso de que @ famosí@ do momento diga una frase graciosa na tele e nada máis facelo convértese na frase de moda, como foi o caso de "¿Quién me pone

la pierna encima?" ou como é o de "Cuñaaaaaaaaaaao".

E tamén hai opinións do tipo:

-A xente de agora é máis espelida cá de antes.

-O que pasa e que xa se esqueceron de cando eles tiñan a nosa idade.

-Os tempos cambiaron, eso é todo.

Só nós sabemos o que pasa polas nosas cabezas e o porqué dos nosos actos, así que, que esta opinión respecto aos nosos costumes, ás nosas formas de divertirmos e, en resumo, a nós, cambie só está nas nosas mans. Agora vós decidides se queredes seguir o camiño fácil ou preferides loitar por algo que pague a pena.

Susi.

Filias diversas



O sexo está presente na vida de calquera persoa, ben sexa de forma consciente ou ben inconsciente. Hai xente de todo tipo en canto ás fantasías sexuais de cada un, e existen casos nos que algunhas delas pasan a ser desviacións e mesmo enfermidades. Aquí imos falar dalgunhas delas, ata das máis increíbles. Vós xa valoraredes.

A **acrofilia** dáse cando se consegue excitación coas alturas. A adrenalina que provoca o *puenting* e outras actividades de altura propicia un enorme aumento desa sensación, chegando moitas veces ó orgasmo. Hai diversas formas de practicar a acrofilia, como realizar o acto sexual nun avión ou acrobacias nunha avioneta. Nembargantes,


dise que abusar da práctica desta parafilia acaba diminuindo os seus efectos.

Algúns gozan coas alturas... e outros cos sons musicais, as palabras soeces, os insultos e mesmo as órdenes sexuais; é o caso da **acustofilia** (¡que palabriñas vos ensino, eh!).

A **agalmatofilia** vén do **pigmalionismo**, que á súa vez provén de Pigmalión, un mítico escultor grego que se namorou dunha das súas estatuas que representaba á deusa Galatea. Polo tanto, @s agalmatófil@s son @s que desexan ou levan a cabo o acto sexual con estatuas, bonecas e maniquís. Non vos riades, querid@s, que destes atopámoslos por onde sexa. Un exemplo perfecto tivo lugar na final da copa de béisbol americana en 1988, cando se repartiron miles de bonecas inchables entre os espectadores do partido, e foron moitos os que non puideron soportar a tentación e... pois iso, alí mesmo.

■ **Amaurofilia** é a necesidade de manter relacións sexuais na escuridade ou coa parella cos ollos pechados para non ser vist@. Isto pode darse en persoas que conciben como un pecado a sexualidade ou noutras que senten algún tipo de complexo cara ó propio corpo. Tamén hai casos de amaurófil@s que foron educad@s para manter relacións desa maneira, moitos deles e delas a causa da iniciación que tiveron con irmáns e familiares.

■ É certo que o seguinte que vou comentar é para a inmensa maioría unha porcallada, pero real en calquera caso. A **coprofilia**, referida ás feces, e a **urofilia**, relacionada coa urina, son as sensacións de excitación que se senten ó estar preto destas substancias. Segundo Freud, na etapa infantil, unha das primeiras sensacións eróticas é a de sentir o transcurso



destes fluídos polo organismo; esta pode ser a explicación destas parafilias.

Pero cambiando de tema: ¿non pensastes algunha vez por qué hai tantas pelexas e violencia no mundo? A verdade, eu non sabía o porqué ata que descubrín a **agonofilia**, que se dá cando a excitación se produce pelexando ou sometendo pola forza ó/a compañeir@ ou deixarse someter por el/a. En serio, destes debe de haber unha cifra alta.

Son moit@s ós/ás que lles dá morbo iso de que alguén

poida escoitar o seu coito, e tamén somos bastantes @s que puidemos presenciar unha escena semellante. Pois xa sabedes, uns e outras, que o de excitarse con esas situacións é **agrexofilia**, e que adoita darse en cámpings e hoteis. Sen embargo, tamén existe xente á que só "lle poñen" os espacios abertos ou públicos e por iso acode ós parques, cines, etc., para manter as súas relacións. Isto chámase **agorafilia**.

Agora, atención @s celos@s: se vedes que @ vos@ mox@ (cánta @, ¿non?) semella gozar mentres fantasea cunha persoa diferente a vós, non @ culpades; sofre **alorgasmia**. Hai parellas que a consideran adulterio, pero comprobouse que esta desviación non está tan mal vista como o fetichismo. Persoalmente, prefiro un mozo que desexe un calcetín antes ca un que soñe coa veciña do quinto.

Os fetichistas séntense excitados con obxectos ou partes do corpo, como os pés, a roupa interior, a cor do pelo, etc. Normalmente só se satisfán co obxecto en cuestión, deixando de lado á persoa que o leva. Entre o **fetichismo** atópase a **podofilia**, que é o pracer que algúns experimentan cos pés. Só se considera un problema cando deixa de ser un elemento valorado e se converte no único destino do desexo. Este costume chegou ós seus extremos na China, onde, por exemplo, as mulleres só se masturbaban acariciando os seus pés (!).

Non sei se @s da excursión a París experimentaron un venturoso encontro co típico personaxe sufridor do **frotteurismo** ó viaxar no metro; en todo caso, que saibades que estas persoas gozan esfregando os seus xenitais co corpo doutras e sen o seu consentimento.

Vale, a partir de agora, cando vexades un ladrón, un raptor ou mesmo a alguén que está cantando en medio da rúa (ehem...), pensade que pode ser un **harmatófilo**. é dicir, unha persoa que se excita ó incumplir a lei. Non, se está visto que neste mundo hai de todo.

E volvendo do novo ás porcalladas (porque ¡estas si que o son!) din que a **necrofilia** (o feito de manter un actividade sexual cun morto) é unha conducta pouco frecuente e que só se dá en persoas con problemas mentais. Pero... ¡¡carallo!! non parece posible que os gardiáns do Antigo Exipto coidasen os cadáveres embalsamados ¡para evitar que fosen violados! Mi má...

Tod@s sabemos o que lle pasa a un tío cando vai ó case xeado río Umia tomar un baño, ¿non? Pois non vaiades pensar. A partir de agora, queridas lectoras, e tamén lectores (aínda que non é recomendable polo "qué dirán"), cando vaiades nun deses días de calor tomar o sol nunha rocha da fervenza (e non estou incitando a fanar...), fixádevos na parte crucial da anatomía masculina. Se vedes algo anormal, iso é **psicrocismo**, é dicir, sentir excitación ó ter contacto co frío ou ver a alguén que o ten. ¿Imaxinades un/ha destes/as no Polo Norte?

Cando chega o momento de máxima excitación sexual pódese rabuñar ou incluso mor-
der á parella, pero cando o feito de excitarse se produce ó ser golpead@ ou atad@, a cousa
pasa a ser **masoquismo**, mentres que se xa se inflixe un dano psicolóxico ou físico para obter
pracer, estamos ante **sadismo**. Agora tamén se dá o *sado-light* e, por suposto, o *bondage*, que
consiste só en ataduras (como en *Instinto básico*); lamentablemente, non tod@s temos camas
con barrotes.

Non son pouc@s @s que se excitan mirando ou sendo observad@s, pero cando a exci-
tación só se consegue ó mirar ás escondidas cómo unha persoa se ispe ou mantén relacións
sexuais, iso xa é un problema; todo isto chámase **voieurismo**, e que saibades que a práctica
voieurista máis coñecida é o *strip-tease* (joh –pensarán algúns–, si, sómolo!). Din que todo
voieur ten o seu exhibicionista dentro e viceversa, pero tranquil@s, non creo que a gran maio-
ría de vós vos sintades superiores ó ver que os vosos xenitais producen medo ou admiración
(sabede que eu tampouco). En todo caso, o **exhibicionismo**, máis que medo e admiración, ¡dá
noxo!

Eu preferiría un **travestido fetichista** deses, nos que o pracer xorde cando, neste caso
o home, se viste con prendas femininas o logo realiza o coito desa guisa. Imaxínade a escena:
o voso mozo cunhas medias, suxeitador... e gozando plenamente da situación. Sinceramente,
soa ridículo, pero... he, he.

A **zoofilia**, como todos sabedes, é, falando fino, foder con animais. Case tódolos estu-
dios afirman que as causas desta parafilia son a soidade ou unha mala vida sexual e social.
Entre a persoa e o animal doméstico acostuma xurdir unha singular relación emocional e son
moit@s @s que afirman que prefiren esas relacións cás humanas. Por certo, algo que non po-
do deixar de comentar é unha práctica que estivo moi de moda nos bordes de Trieste de en-
treguerras. Consistía en preparar un baño para o home e botarlle á auga un puñadiño de formi-
gas. O cliente metíase e deixaba que o glande do pene asomase como unha illa á que acudirían
as formigas para salvarse da morte. Parece ser que as cóxegas que lle facían ó home cos seus
andares proporcionaban a este uns espasmos moi agradables. Todo é cuestión de probar...

NOTA: hai máis, pero non me collen... :'(

Olalla.



Os Sims

Imaxina un mundo no que poidas fabricar os teus soños, comprar unha casa exactamente como ti a queres, pintala e decorala como a mellor, fabricar a túa familia ó teu gusto ó igual cós teus veciños e veciñas... Pois todo iso é posible cos Sims, un dos mellores xogos que hai hoxe en día no mercado (polo menos para milleiros de persoas). Pero... a ver, explico para os que non teñan o pracer de coñecelo.

Neste xogo o único obxectivo é a diversión. Por iso, e a medida que foi cultivando éxito, a súa empresa sacou á venda varias expansións con máis roupa, mobles e formas de que estes personaxes pasen o tempo no seu planeta. Os Sims son os protagonistas deste xogo sen violencia (o 80% dos casos), sen sexo (mentres ti non queiras) e con moito humor, moitísimo.

Comezamos o xogo fabricando unha familia. Poñemos o apelido da familia, vestimos, caracterizamos e nomeamos os seus compoñentes e mais poñémoslles un signo do zodíaco. Xa está. Seguinte paso, comprar unha parcela no barrio que queiramos, fabricar a casa e... ¡a vivir!

O primeiro que debe saber calquera persoa que comece a xogar é que os Sims son uns porcos, maioritariamente. Así que é recomendable que se chame a unha asistente (se carecen de diñeiro para comprar un robot multiúsos) para desfacelos da tarefa de lavaren os pratos ou limparen o váter. Seguidamente, e para previr a aparición de insectos e sequía, haberá que chamar ó xardineiro. Tamén é aconsellable pór unha alarma na casa por se vén o ladrón polas noites, así como un detector de incendios na cociña se os donos da casa son propensos a queimar a comida mentres a preparan. A partir dese momento xa poderemos xogar un anaquiño sen problemas.

Os Sims sempre teñen que ter un bo presuposto pois, do contrario, a súa alimentación basearase en iogures, serán incapaces de pagar as facturas e non poderán mercar os seus caprichiños. Por iso (e se non temos o truco do diñeiro) hai que conseguirlles un emprego, ben sexa a través do xornal que len todas as mañás ou ben a través do ordenador. Canto mellor sexan nos seus traballos, máis ascensos terán e máis diñeiro gañarán, así que tamén deberán facer algún esforciño na casa, tocando o piano, xogando ó xadrez ou nadando na piscina, dependendo da forma de gañar a vida.


As relacións dos Sims son moi conflictivas. Unha vez tiver unha parella que non se podía ver nin en pintura. Non querían durmir xuntos (polo que o último que se deitaba tiña que facelo no sofá), pasaban o día berrando e discutindo pola mala situación familiar e, para colmo, a muller víase co veciño mentres o home traballaba. Total, que o fillo, ante esta situación, deixou de ir á escola e foi levado polas autoridades a unha academia militar.

Afortunadamente, non sempre é así. Para que os Sims se leven ben teñen que falar, bromear, agasallar e, se teñen sorte, a cousa pode terminar en noivado. Isto non é fácil, pero cando se consegue é, digamos, entenecedor. Xogan na cama (iso si, debaixo das sabas, polo que nós só escoitamos), métese man, bícanse apaixonadamente... e algún terminan, se son veciños, pedíndose en matrimonio. A cerimonia é digna de ver, asegúrovolos.

En cuestión de descendencia os Sims son moi precisos. Bastan só catro bicos X para que un deles faga a pregunta de se o outro quere ter un fillo. Floriñas, aplausos e nace o bebé, que é a peor experiencia do xogo. Hai que darlle de comer, cantarlle e facelo durmir durante tres días, momento no cal pasa a ser un adolescente. Neses tres días o neno non ten consideración ningunha. Chora cando lle peta e, se os pais non chegan a tempo para satisfacer as súas necesidades, as autoridades veñen e levan "ese neno maltratado".

Por certo, se queredes saber se se poden ver os Sims espidos, a resposta é que depende. Sempre que van ducharse, lavarse, espirarse, etc., o lugar no que se atopan vólvese borroso. Iso, si, se coñecemos algúns truquiños poderemos velos, ó igual que o que fan tralas sabas.

E xa está, estes son os Sims, un simulador social no que quedarás enganchad@ horas e horas, alegrando ou arruinando as vidas dos seus protagonistas. ¡Goza del!




Olalla

Erros maiúsculos


Non é raro que @s que nos dedicamos ó ensino e á corrección de exames atopemos neles invencións ou palabras estrañas que son froito do despiste ou da desesperación do alumnado ó non sabe-la resposta dunha cuestión. Velaquí temos un exemplo destes fenómenos paranormais que moitas veces nos fan sorrir, botar unha gran gargallada, regala-los ollos do asombro ou quedar en estado de confusión mental durante uns intres ó non sabermos se nos equivocamos de mundo.

Ás veces comentamos entre nós estes cazapos, case sempre comprensibles. Pero téñenme contado un caso que ó primeiro resultaba totalmente incomprendible: ante a pregunta de se os electróns se emitían ou se absorbían dun orbital atómico nunhas condicións determinadas, a resposta era “vense”. Quen me relatava o caso díxerame que, ante esa resposta que non se correspondía coa pregunta, empezou a lembrar ónde sentaba esta persoa e daquela mirou o exame d@ compañeir@. A resposta deste/a era “*obsérbanse*”. A pista deuna a falta ortográfica pois o profesor non tardou moito en decatarse de que esta última persoa copiara mal doutra confundindo *absorber* con *observar* e, no afán de evitar sospeitas de copieteo, o rapaz ou rapaza que respondía que “se vían” non fixo máis ca empregar correctamente un sinónimo de *observar*. Desta historia podemos extraer dúas conclusións: que cometer erros ortográficos non é útil para copiar e que un/ha non sempre se pode fiar de quén copia.

Confusións curiosas atopei en novos títulos das nosas obras literarias, como chamarlle *Provenzas de Galicia* a *Proezas de Galicia*; *Longas noites de pedra* a *Longa noite de pedra*; *Firuela novo* a *Fabulario novo*; e *A tecedeira de bonadal* a *A tecedeira de Bonaval*, con bastante imaxinación nos catro casos. Eso



si, chamarlle *Repsol* a unha revista de hai setenta anos como *Resol* non sei se soa a gaiteirada ou non. Tamén teño visto a entronización do poeta e autor dun diccionario Xosé Luís Franco Grande, convertido en *Franco o Grande* nin máis nin menos. Por certo, se aquel o chega a saber, que tivo que sufrir-la súa dictadura... Así mesmo, teño achado chamarlle *Niabolda*, si, si, *Niabolda*, á irmá de Añón, tamén poeta do Rexurdimento, que xa tiña bastante con se chamar Nicolasa; e cambiar Adaúlfo,



bispo suevo, por *Alfaúso*, que pareceu serlle máis eufónico. Eu, por cambiar de nome, chamaríame Precioso, a ver se ligaba máis. Ata hai xente que moderniza Montevideo en Monte Video, mira ti para os uruguaiois, qué modernos.

Erros moi comúns son os ortográficos e os inventos lingüísticos. Claro, a *holografía* (orografía) do terreo das letras deixa tan *ignotizado/as* a algúns e algunhas, que é unha *marabillosidade* a dificultade para *cacturaren* a *correpción* da escritura. A *unionidade*, *estandaroloxía* e *ideosincracia* da ortografía, ligadas ós *anacoluptos* da lingua oral, resultan de difícil *similización* para certo sector

do alumnado que só é *ruandante* ou *correrrúas* (?) e non se mete nestas andrómenas da ortografía. Coma as aves *marítimas*, que parece que falan en *torno burlesco*, *vaia a rebundancia* (valla a redundancia), continuo co meu *ironismo* en espera, por certo, duns resultados máis *bonzanosos* (bonanzosos) e en *emerxente subida* da calidade ortográfica do alumnado.


Para deixar *exclarexado* todo isto, e sen entrarmos en *diñanzas* (adiviñanzas), hai alguén que leu *O lapis do carpinteiro*, de Manolo Rivas, e lembra que Herbal permitiu que Marisa Mallo e o doutor Da Barca pasasen a noite de vodas sós nun hotel. Ben, pois foi daquela cando Marisa *concedeu* o seu primeiro fillo; iso si, non sabemos a quén llo deu ou se lle pediu algo pola *rescatación*, se é que logo se arrepeniu de facelo. Existen outr@s que afirman que o galego quedou *renegado* ó plano familiar nos Séculos Escuros; que un *centollo* (a nosa riquísima centola ou centolo) é unha agrupación romana; que un tirizó (ourizó, orzón) é dende un ruído, o frío e incluso un insecto ou un paxaro; ou que un bocoi (barril) pode ser un marco (¿dun cadro ou dunha leira?), un animal (por se coa), concretamente un insecto, e ata un tren. Lóxico, o convoi e o bocoi deitado están emparentados máis ou menos pola forma. Neste conxunto *mesciliano* de anécdotas vese de todo. Ás veces fanse cambios *meta-bólicos* que máis ben son metafóricos.

Facendo un *retrocedemento* no tempo, lembro a falta máis grave que vin na miña vida pois non se podían cometer máis erros nunha mesma palabra: tres asemade. O hipérbato pasou a perde-lo H, o B mudou en V e desapareceu o acento: *ipervato*. A este/a alumno/a dáballe eu un *escenit* (accésit) no concurso anual de ortografía (que proponho convocar dende este mesmo momento), o que lle resultaría moi *grafizatorio* (gratificante). ¡Ah!, unha recomendación final: que teña coidado quen decida meter un funil polo pescozo para levar como prenda de vestir porque podería *aforgar*, digo, afogar.

As novas modas, as novas tempadas

Neste artigo imos comezar pola conclusión: nas pasarelas gástanse millonadas en vestidos espantosos namentres no mundo se pasa fame.


Ó lado tedes unha camisa demasiado frouxa para estes tempos. Este vestido quizais tivese éxito no século XIX mais na idade na que nos atopamos só causa fealdade e espanto: o pano é estilo El Zorro e os pantalóns non causan envexa por eles...



Unha camisa que, seica co que supoño que custaría, faría que unha familia do terceiro mundo deixase de pasar fame por un tempo. Parece típico da Idade Media: á fin sempre volvemos ás orixes.


Se algún dos anteriores tiña posibilidades, este perdeunas todas. Á parte de que a mociña non ten cara precisamente de felicidade. Ademais semella que leva a cabeza escaiolada. É coma un vestido de bonecas.

Logo disto tamén están os piercings, dependendo de ónde se coloquen. Debe ser superincómodo levar miles de pendentes polo teu corpo pero... é a moda, e cadaquén é independente de poñer o que lle pete, xa que estamos nun país con liberdade e democracia.



Stephany Kelly, Lucía e Carmiña. 1º ESO

O globo feroz



Era unha vez un mundo-bosque onde cada árbore significaba dólares e cada flor, negocio. O diñeiro circulaba libremente polo lugar, mentres que ao redor un aramado de espiño impedía a entrada das persoas pobres. Naquela fraga non había un lobo senón unha manda: todos xuntos se reunían nos claros (cada vez máis amplos) para establecer acordos e compromisos que defendesen os intereses do lobo Capital. Algúns lobos eran mundialmente coñecidos, como o **Fondo Monetario Internacional**, a **Organización Mundial do Comercio** ou o **Banco Mundial**. Entre todos crearon as condicións para que as grandes multinacionais (**Nike, Shell, Sony, Telefonica, Microsoft...**) pudesen dominar a economía mundial, destruindo o medio ambiente e perpetuando a pobreza en busca de poder e beneficios. As carrapuchiñas e carrapuchiños que vivían no medio da fraga, cegad@s polo soño da riqueza e divididos, competían entre si coma se fosen inimigos, crían que o traballo era un privilexio e non un dereito, que a calidade de vida non era para todos senón só para quen o merecese...

E polo camiño cara ao espellismo a economía ía privatizando-se, liberalizando-se e a pobreza, feminizando-se cada vez máis: nesta historia ninguén se lembraba da avoa.

Así é que un día a avoa, Carrapuchiña (Vermella, por suposto) e uns cantos carrapuchiños decidiron enfrontar-se aos lobos. Crearon o **Movemento de Resistencia Global (MRG)**, ou movemento antiglobalización, que aglutinaba multitude de grupos, sindicatos, ecoloxistas, anarquistas, feministas, estudantes, ONG e cidadáns particulares que se opoñían ao capitalismo e ao modelo socioeconómico imposto polo neoliberalismo. Querían crear unha sociedade máis xusta e un reparto equitativo da riqueza, limitando o poder das multinacionais e os grandes grupos financeiros. Na súa cesta de vimbio agochaban as armas para defenderen-se dos lobos, dúas das cales eran tan mortais que podían acabar dun plumazo coa pobreza: a **Taxa Tobin** e a **Renda Básica de Cidadanía**. A Taxa Tobin era un imposto novo, universal, que gravaría as operacións de diñeiro nos mercados de cambio, unha taxa sobre as transaccións financeiras: era unha forma de frear a independencia do diñeiro fronte a todo. O caso é que, aplicando só unha taxa dun 0,1%, se conseguirían máis cartos dos real-

mente necesarios para acabar coa fame no mundo. Cun 10 % acadaria-se o necesario para dar asistencia médica, auga potábel, e solucionar a malnutrición en todo o planeta. Cun 5% poderíase facer unha planificación familiar universal no planeta. Co 3% remataríase co analfabetismo e universalizaríase a ensinanza primária. **Unha verdadeira bomba!** A Renda Básica da Cidadanía, ou subsídío universal garantido, sería un ingreso pagado polo Estado a cada cidadán dunha sociedade polo mero feito de se-lo, coas seguintes características: cobraríase incluso se o cidadán non quixese traballar, sen importar a súa condición social ou familiar, todo o mundo tería dereito a ela por existir, non para existir: un ingreso incondicional, algo co que calquer pode contar con toda seguridade, a pesar da súa modéstia, un dereito universal que acabaría con esa especie de apartheid que se estende no mundo conforme o fai a pobreza.

Eran ideas tan revolucionarias, que os carrapuchiños e carrapuchiñas que as sacaban do cesto estaban moi mal vistos entre os lobos, algúns mesmo tiñan que ocultar-se cun pasamontañas e outros eran considerados **terroristas**. Así, por exemplo, o **Subcomandante Marcos**, o líder da guerrilla zapatista, quen reclamaba a fin do acoso aos pobos indíxenas de México e da América en xeral. Ou o agricultor francés **Joseph Bové**, un dos estudantes das barricadas de Maio do 68, combatente contra a *fast-food* e o neoliberalismo, enfrenteado ás multinacionais, á comida lixo, aos alimentos manipulados xeneticamente. Ou a escritora **Pepa Roma**, quen achegaba a visión da avoa e das demais mulleres para salvar a fraga e as carrapuchiñas (non esquezades que o 75% das persoas que viven baixo o umbral da pobreza son mulleres). Ou o xornalista **Ignacio Ramonet**, autor de ensaios sobre a globalización e director de *Le Monde Diplomatique*, e presidente e promotor da plataforma ATTAC (Asociación por unha Taxa ás Transaccións financeiras especulativas para Axuda aos Cidadáns)... e centos de carrapuchiñ@s que se congregaron en **Seattle, Praga, Londres, Barcelona...** para manifestar-se contra a política económica actual. Eles e elas fixeron un foro paralelo aos foros oficiais, o **Foro Social Internacional de Porto Alegre**, e escolleron este *bosque* do Brasil porque se trata dun bosquecillo autoxestionado, grácias á vitoria nas urnas do **Partido dos Traballadores**, unha cidade que está en camiño de se converter na capital mundial da democracia participativa na que os cidadáns elixen ónde e cómo gastar o diñeiro público.

Carrapuchiña e a avoa non saben cómo rematará o conto, se terá final feliz ou non. Mais teñen claro de qué parte están e saben que nunca máis se deixarán devorar...

E ti?



O sexo superior

Está comprobado que aínda hai moito machista solto, homes e mulleres, e por iso pensei en facer un artigo adicado a estas persoas que, pobriñas, continúan vivindo alá polo século XII, cando se trataba as mulleres como simples obxectos.

Así que decidín entrar en Internet e, por unha vez, cambiar a palabra *feminismo* pola de machismo no buscador, polo que saíron centos de webs. *Asociación de Desprezo ó sexo Femenino*. Ben, vou a esa.

Para comezar, un aviso: o contido da páxina pode resultar ofensivo para as mulleres que entren; ignóroo (para iso vou) e, ¿que atopo entón? Un xenio da lámpada preguntando o meu sexo. Pulso en masculino e aparece unha cuestión:

Cómo sacarías unha muller da auga para salvala:

- a) Chamando ó vixiante da praia.
- b) Botándote á auga.
- c) Quitándolle o pé da cabeza.

¿.....?! Pulso c.

Outra máis:

Cómo elixirías a unha muller parva:

- a) Pola súa cara.
- b) Polo seu coeficiente intelectual.
- c) Ó azar.

Xa se sabe, marco c.

Resultado: ¡Benvido! De acordo co resultado da enquisa, determinamos que vostede é unha persoa apta para ingresar no noso sitio. Cof, cof; ben, prosigo.

Citas, imaxes, chistes... e, ó redor, publicidade de sitios porno, claro, ¿que ía haber se non? Entro logo en *O noso obxectivo*.

A verdade é que alucinei. Palabras textuais: *A Asociación de Desprezo ó Sexo Feminino é unha Entidade sen fins de lucro, e con fins de desprezo a esa masa inerte que rodea a vaxina, que di chamarse muller*. Sen comentarios, vaia. O caso é que continúan explicando que os seus ideais se basean en que o pobriño Adán, levando unha pracenteira vida no paraíso, foi tentado pola malvada Eva para comer o froito prohibido, *un capricho de muller*, di, que os conduciu fóra do goce das marabillas daquel lugar.

Sintoo, pero isto prodúceme unha gran repugnancia por eses seres...

Decido ir a outra. E alá fun, ¡e onde me metín! O libro de visitas desta páxina era... sorprendente. Por un lado homes (ou algo así) odiando ás mulleres, e por outro homófobos que des-



prezaban mediante insultos ós primeiros. En fin, qué queredes que vos diga, iso non é normal, aínda que sexa unha páxina masculina.

E así seguín durante horas. Ó parecer existe unha Confederación Internacional de Identidades Machistas, á que pertencen, entre outros, o ADESEF (*Asociación de Desprezo ó Sexo Feminino*), o Fru Flux Flan (*Fritir, Fregar e Follar: os valores que toda muller debe cultivar para servir correctamente ós seus amos, os homes*) e o *Club El Balcón*, que fai ceas e todo, ilustradas con fotos na web.

Queridos individuos do sexo masculino que estades rindo con isto, lede agora: ¿¿Pensastes algunha vez nas vosas vidas que sería o mundo sen mulleres?? Moi doado: nada, absolutamente nada. Non habería fillos e, polo tanto, a especie (vós) acabaría extinguíndose; daríanse desviacións como a zoofilia, visto que algúns evitarían prácticas homosexuais; e todos, en conxunto, seríades un animal coma outro calquera, xa que non evolucionariades a causa da inexistencia de óvulos.

Non me tedes que preguntar a min iso de ¿e que sería o mundo sen homes?, pois eu mesma sei que un mundo sen homes tampouco sería nada, só hai que razoar (creo que esa é unha das características que fai os human@s mellores có resto, aínda que algúns...) Non estou recriminando, estou facendo o duro intento de que pensedes. ¿Por que as mulleres sempre estiveron na casa? Porque foron obrigadas polos homes. ¿Por que non tiñan dereito a nada? Porque foron obrigadas polos homes. ¿Por que...?

Houbo mulleres que tiveron a sorte de coñecer a eses primeiros homes que descoñecían o machismo, pero a época que nos tocou vivir, queridas lectoras, non é así. Un día, e non sei a quen se lle ocorrería, descubriuse de onde viñan os nenos e cómo chegaban á panza das mulleres, polo que os homiños decidiron que eles eran os mellores e os verdadeiros factótums no acto da procreación, tomando o liderado e o poder polos séculos dos séculos.

Xa vedes, fan coma se eles estivesen obrigados a soportar durante catro ou cinco días a evacuación dunha substancia vermella por entre as pernas, coma se eles fosen os que sofren coa rotura do hime, coma se eles tivesen que portar un ser humano dentro do seu organismo, coma se eles se visen obrigados a expulsar a este entre a dores e contraccións mortais... Eles, que non teñen maior traballo có goce, cren ser o sexo superior, o máis forte, ¡¡ha, ha!!

Olalla.

PASATEMPOS DE MULLERES

Conecte os puntos:


●
1.

●
2.

Rallies

Nun anterior artigo fixemos un resumo sobre os pilotos e rallies galegos. do que esperamos que extraesedes unha visión positiva e vitalista do automobilismo do noso país.

Agora imos intentar facer o mesmo co automobilismo español en xeral. Ó igual que ocorre no galego, o español está formado por numerosas estrelas, entre as que están as galegas (Castrillón, Senra e Serxio Vallejo constitúen unha parte importante), e ás que se lles engaden ademais nomes como o do irrepitible Carlos Sáinz, dúas veces campión do mundo e que non está a ter sorte ultimamente xa que, por terceiro ano consecutivo, perde o devandito campionato por unha escasa marxe de puntos, aínda a pesar de que firmou excelentes e brillantes actuacións. Só a mala sorte que o acompaña desde hai algún tempo o privou de gañar. Sempre recordaremos o coche de Sáinz parado a 200 metros do final do último tramo do rallie de Gran Bretaña de hai dous anos cando ía a tempo de impoñerse na proba e no campionato. Tampouco será fácil esquecer o que lle aconteceu este ano: cando ía ben situado no rallie de Córsega, o que lle daría moitas posibilidades de gañar o mundial, de súpeto interpúxoselle unha pedra que deixou esnaquizado o carácter do seu coche, o que o obrigou a abandonar o rallie e as esperanzas de gañar o mundial.



Outro piloto español importante é Chus Puras, que este ano precisamente gañou o rallie no que a Carlos Sáinz se lle foron tódalas esperanzas de obter o campionato do mundo. Puras merecía xa unha victoria porque levaba dous anos firmando actuacións de auténtico luxo, facendo gozar á parroquia como poucos saben facelo. Nos escasos rallies do campionato que participa (xa que a súa marca só corre carreiras en asfalto) estivo a piques de gañar en tres ocasións e soamente as averías e os accidentes llo impediron. Nembargantes esa victoria non lle serviu para que Citroen lle renovase o contrato, que finalizaba este ano.

Outros pilotos de gran calidade, e que sen embargo non conseguiron dar o salto ó campionato do mundo, son Monzón e o antes mencionado Vallejo, que están triunfando no estatal, sobre todo Monzón, que foi o campión do certame deste ano.

Xunto a estes pilotos xa consolidados están a xurdir outros de gran categoría como Cañellas, que é considerado por moitos como a esperanza de futuro para intentar gañar o campionato do mundo, Solá e Blázquez, que foron este ano uns dos maiores animadores do campionato nacional, competindo de ti a ti con Monzón e Vallejo e dobregándoos en numerosas ocasións.

Esperando que este ano sexa unha temporada de grandes éxitos tanto para o automobilismo nacional coma para o galego (un pouquiño máis para o galego porque é o da terra), despídome e a ver se de paso vén algún campionato para a casa...

Ángel Iglesias Cascallar, 1º BACH

A Copa do Rei


A cara e a cruz do centenario

Esta Copa do Rei do 2002 non foi só importante por cadrar co centenario do Real Madrid senón tamén por ser a edición número cen desta copa. Dende hai dous anos véñse aplicando a esta competición a forma da morte súbita nas dúas primeiras fases, onde nesta ocasión xa quedaron eliminados da rolda moitos dos equipos que integran a Primeira División: Valencia C.F., F.C. Barcelona, R.C. Celta de Vigo, etc. Esta copa presentouse xa dende o primeiro momento cuns aires de favoritismo cara ó Real Madrid xa que, ó ser o seu centenario, quixeron facer a final no seu campo, o Santiago Bernabeu. Nesta final atopáronse cara a cara o equipo do Real Madrid e o R.C. Deportivo da Coruña, que se desfixeron nas semifinais do Athletic Club de Bilbao e da U.E. Figueres, respectivamente. A final disputouse o 6 de marzo en Madrid ante uns 64.000 siareiros que, aínda sendo un día laborable, ategaron o estadio.

O partido dende os comezos empezou con gran presión para os dous equipos ó ser o día do centenario branco: no minuto tres de partido Sergio bate por entre as pernas o gardamallas local César, o que supoñía o primeiro gol para os deportivistas, e os nervios empezábanse a notar no terreo de xogo. O Dépor empezou a controlar o partido e no minuto trinta e sete marca Diego Tristán, terminando así a primeira metade do partido.

Na segunda metade parecía que non ía cambiar nada pero un gol inesperado de Raúl deulle ás ó Madrid. Así e todo foi demasiado tarde e o partido rematou co 1-2 e a copa que veu para as vitrinas do Real Club Deportivo da Coruña.

Francisco J. Magariños Alende. 1º BACH



Recital poético

Con motivo do Día das Letras Galegas deste ano o 16 de maio celebrouse un recital poético con acompañamento videomusical na Sala de Usos Múltiples coordinado polos profes Lois, o máis alto, Pedro, Chema e Rosales. Léronse poemas de Celso Emilio, Ramón Sampetro, Domingo Tabuyo, Xosé Vázquez Pintor, Lois Pereiro, Cándido Duro e a nosa compañeira Patricia Martínez Rivas, que gañou o premio de poesía do concurso literario este ano, a cal leu un poema propio, así como Adriana Novás, Carmiña Bacariza, Stephany Kelly, Rocío Francisco, Claudia Blanco, Lucía Villaverde, Dayana García, que leron os outros poemas.

O acompañamento musical realizárono con soltura Pedro e Lúa Branca ó piano, Fátima Caramés e Cruces á guitarra e Alberto Torres ó bongó, que é un tambor pequeniño africano. As pezas musicais elixidas eran realmente bonitas, incluso algunhas delas eran de Pedro. As imaxes que se puideron ver a través do videoproxector, que permite ver en tamaño grande o que se ve nunha pantalla de ordenador, pertencían a autores/as como Luís Seoane, M^a Antonia Dans, Laxeiro, Colmeiro, Ayaso, Abelenda... e mesmo ó alumnado, como a primeira imaxe, que realizaron @s rapaces/zas de 4^o da E.S.O., co tema da paz en hebreo e árabe.

Os aplausos remataban estrondosamente e con moito ánimo por parte do público ó final de cada poema recitado, que consistía nunha peza musical, de músicos moi distintos (como Grieg ou Led Zeppelin, e do propio Pedro) mentres ían proxectando as imaxes dos cadros dos pintores citados antes coa letra que nese momento se recitaba.



recolle un premio, todo o público aplaudía, asubiaba e aturuxaba que daba xenio. Os premios literarios consistían en dous libros, un xogo de ordenador, un diploma e trinta euros. Creo que non está mal. E canda os certificados d@s que colaboraron nas actividades do Equipo de Normalización Lingüística tamén se entregou un xogo de ordenador.


En vista de que non había máis que facer tralo agradecemento instantáneo de Cruces e coa xa medio fóra da cadeira, público e artistas saíron pitando para ir á clase. ¡Que lata!, unha hora máis de clase antes de irmos escoitar un par de rapaces, Sergio e Jacobo, o *Dúo Búho*, que tocan o violín e o acordeón, ó Auditorio de Caldas. A pesar do escaqueo xeral, compañeir@s, o concerto estivo moi ben, para que o saibades. Bo e enxebre ritmo de folk galego.



Aplaudiron a última poesía e vai Pedro e di: "E agora, ¡as cantadeiras de Moraña! Así que o público se puxo "como unha moto" a animalas. ¡Que ben cantan e que ben levan o compás! Ademais elevan moitísimo a voz, claro, porque son cantares que se facían mentres se traballaba no campo e había que facerse oír. Interpretaron dous cantares maxistralmente.

Tocou o timbre mentres cantaban, pero non se moveu ninguén do sitio. Ó que acabaron, Pedro agradeceu a presenza do público e todo o mundo pensou que rematara o conto. Entón sae Cruces e ponse a berrar adoecido: "¡Os premios literarios. que teño que entregalos!". Entroulle a todo o mundo a risa e sentaron rápido. Malia algunha ausencia d@s premiad@s, cada vez que saía un/ha alumn@ para

Enerucillado



	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
A										
B										
C										
D										
E										
F										
G										
H										
I										
L										


CADA LETRA NUN CADRO

HORIZONTAIS: A- De Ourense. B- Falan, contan. Collen o alleo. C- O inventor do ascensor. Muller que reza moito. D- Viviu en algures. Do revés, país africano moi musical, de capital Bomoco. E- Ó revés, "aparca" un barco. Eslabón dunha cadea. F- Segunda nota musical. Escoitade. Encamiñarse. G- En inglés, ácido desoxirribonucleico ou ADN. Probada, catada, degustada. H- Anestésico volátil. Estancias, habitacións grandes. I- Estades. Aboie pola tona da auga. L- Enfermidade habitual dos mineiros.


VERTICAIS: 1- Facerdes dóciles os animais. 2- Oito por cen. 3- Xuntara, pegara. Do revés, abstracción. 4- Consoante vibrante. Líquido fundamental do sangue. Ó revés, interpretar un escrito. 5- Terminación dos infinitivos da segunda conjugación. Que aínda vale. Afirmación. 6- Do revés, variante dialectal de "bo", como a usada por Celso Emilio. Ó revés, a praga deste século. Matrícula galega. 7- Fixen funciona-las miñas glándulas sudoríparas. Madeira moi dura e escura. 8- Abanee, acanee. Partes dun edificio. 9- Índice de nacementos. 10- Fixéselle as beiras, atraese sexualmente, engaiolase.



A Helvetia,
símbolo da
Suíza



Este debuxo é un recordo de Kelly para tod@s nós



**-Este botellón apesta. ¡Vouno ilegalizar!
Menos mal que trouxen a miña Botella.**

